



# **Galicia no contexto global: un país periférico?**

Baixo a coordinación de  
**Ramón Villares**

**Universidade de Santiago de Compostela**



# **Galicia no contexto global: un país periférico?**

Publicacións da

**Cátedra**

JUANA DE VEGA

Colección dirixida por Justo Beramendi

**Serie Faladoiros**

**1**

En 2013 a «Cátedra Juana de Vega» acordou organizar un programa de faladoiros semestrais que propiciasen análises dos principais problemas que afectan á sociedade galega (sen esquecer os marcos globais nos que se insire). Nestes seminarios, un número de entre quince e vinte convidados, ben seleccionados nos ámbitos da empresa, a universidade, os medios de comunicación, a política e outros sectores sociais, debaten *papers* sobre o tema en cuestión redactados e distribuídos previamente por tres ou catro expertos. Os resultados destes seminarios conforman a serie Faladoiros, anexa ás Publicacións da «Cátedra Juana de Vega».

# **Galicia no contexto global: un país periférico?**

Baixo a coordinación de  
**Ramón Villares**

2018

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2018

### **Deseño e maquetación**

Manuel M. Barreiro

### **Edita**

Servizo de Publicacións  
Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

**DOI:** <http://dx.doi.org/10.15304/vf.2018.856>

## Índice

<b>Introdución.....</b>	<b>7</b>
RAMÓN VILLARES	
<b>¿Hay espacio para una política económica?.....</b>	<b>9</b>
ANTÓN COSTAS COMESAÑA	
<b>O paradigma do «atraso»: razóns dun éxito.....</b>	<b>23</b>
LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO	
<b>Cultura e identidade na aldea global.....</b>	<b>37</b>
KIRSTY HOOPER	
<b>Unha reflexión sobre a modernización económica de Galicia en perspectiva longa.....</b>	<b>47</b>
XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA	
<b>Resumo do faladoiro.....</b>	<b>71</b>
JOSÉ MANUEL ANDRADE CALVO E XOSÉ MARÍA GARCÍA PALMEIRO	
<b>Conclusiones.....</b>	<b>91</b>
RAMÓN VILLARES	
<b>Relatores e faladores.....</b>	<b>95</b>





# Introdución

**RAMÓN VILLARES**

Coordinador do Faladoiro



A idea de realizar este primeiro Faladoiro Juana de Vega partiu da reflexión dos membros da «Cátedra Juana de Vega» para reorientar parcialmente o sentido e obxectivos das súas actividades, dando preferencia a debates e faladoiros sobre temas de actualidade, despois dunha xeira de congresos especializados nas temáticas máis próximas á biografía de Juana de Vega e da súa familia: liberalismo político, fomento económico, relacións Europa-América... Sen esquecer estes temas que seguen a cadrar ben co legado da fundadora, pareceu apropiado abrir esta nova práctica de seminarios deliberativos, con asistencia de expertos e con textos previamente distribuídos para orientar os debates.

A primeira experiencia foi este debate de carácter moi aberto e de contornas globalizadoras, que se titulou «Galicia no contexto global: unha situación periférica?», no que catro expertos especialmente convidados e unha ducia de asistentes de moi variada procedencia discutiron durante toda unha xornada nun sábado do mes de abril de 2014. A sesión tivo lugar na sede da Fundación Juana de Vega nun formato de debates que estivo a medio camiño dun seminario académico —*papers* previamente coñecidos, intervencións gravadas, edición parcial posterior— e un estilo máis informal, como o coñecido modelo Chatham House, no que se privilexia a franqueza das intervencións en troco da suma discreción na súa difusión. Por mor disto, no resumo que se fixo da sesión e que se reproduce deseguido, as opinións alí expostas só están nominalmente identificadas cando se trata dos relatores e, parcialmente, do propio coordinador do evento.

Os obxectivos xerais eran ambiciosos, pero os contidos dos relatorios e as propias discusións durante todo o Faladoiro foron matizando e mesmo mudando a intensidade dos presupostos iniciais.

Tratábase, en primeiro lugar, de afrontar unha crítica das «ideas recibidas» e dos estereotipos que corren sobre a imaxe externa (e interna) de Galicia, tales como o atraso económico e valores a el asociados. Dito con termos máis actuais, que tipo de relato explica a posición de Galicia no mundo.

Un segundo obxectivo era analizar os retos e limitacións que podería presentar na sociedade global a posición xeográfica de Galicia e as súas apostas estratéxicas no campo produtivo, nomeadamente nos sectores da agroindustria, do comercio exterior e da innovación tecnolóxica.

Un terceiro obxectivo era avaliar as mudanzas recentes e como inserir o perfil económico e cultural de Galicia nun mundo cambiante e, ao propio tempo, nun contorno europeo no que se está a sentir unha profunda crise económica.

E, finalmente, o desenvolvemento da sesión debería permitir individualizar algunhas fortalezas e debilidades, así como fixar algúns desafíos futuros. Máis que de prognósticos, propoñíase unha diagnose realista e integrada da situación presente que permitise tirar algunhas conclusións que puidesen ser de utilidade cara ao futuro.

Nesta publicación recóllense inicialmente os relatorios íntegros presentados por cada un dos especialistas convidados ao Faladoiro, seguido dun resumo do debate posterior a cada un deles, e remátase cunhas conclusións xerais da xornada, que agardamos poidan resultar de utilidade para o lector interesado.



# ¿Hay espacio para una política económica?

ANTÓN COSTAS COMESAÑA

Universitat de Barcelona



## I. Introducción

Las historias que nos contamos sobre nosotros mismos y cómo nos comparamos con los demás tienen una indudable influencia en el éxito económico, ya sea de las personas, de las empresas o de los países. El desarrollo económico de un país, pequeño o grande, necesita apoyarse en un sentimiento compartido, en una ideología industrializadora que lo impulse.

La idea de periferia, o más en concreto, el sentimiento o la percepción colectiva de ser periférico, marginal, es un componente de la cultura social, política y económica de un país, que, de ser dominante, influye de forma negativa en las capacidades empresariales, en las actitudes sociales hacia la economía y en el éxito económico.

Construir un relato positivo sobre nosotros mismos es, por tanto, importante para el éxito económico, ya sea para impulsar el crecimiento a largo plazo o para salir de una recesión prolongada como la que estamos viviendo. La política pública puede jugar un papel relevante en la construcción de ese relato. A la vez, historias empresariales individuales de éxito pueden jugar un papel significativo en la construcción de valores y de una cultura emprendedora que anule esa percepción de periferia.

En este ensayo analizaré, en primer lugar, el concepto de periferia y las diferentes visiones, negativa y positiva, que existen en la historiografía. A continuación me pregunto qué es lo que determina el éxito económico de los países y su cultura empresarial, confrontando la visión de economistas e historiadores. Finalmente, me

planteo cómo podemos pensar los márgenes que tiene la política pública de una región o un pequeño país para fortalecer, por un lado, las capacidades empresariales y, por otro, la capacidad de crecimiento a largo plazo.

## II. Periferia, centro y desarrollo económico

¿Qué hace a una región o pequeño país ser periférico? ¿La geografía? ¿La cultura? ¿Los resultados económicos? El concepto es impreciso. Pensemos en el uso del término «periferia» en este momento en la Unión Europea y en la zona del euro. No es fácil definir qué argumentos se utilizan para definir a la economía española o italiana como periférica y a la finlandesa como central. Sin embargo, en el lenguaje común se asume implícitamente la existencia de regiones o naciones periféricas en Europa y dentro de cada Estado nación. Por lo tanto, aun cuando su realidad es dudosa, no se acostumbra a cuestionar su uso en el debate público.

El concepto de periferia no implica necesariamente, en principio, una determinada localización geográfica. Su uso abarca otras dimensiones. Así, hablamos de la periferia de las ciudades, en un sentido de marginalidad; de la misma forma, hablamos de marginalidad de algunos grupos sociales: inmigrantes, personas sin techo... que son percibidos como «marginales» en uno u otro sentido.

Con frecuencia, la noción de periferia se asocia a malos resultados económicos en comparación con los que ofrece el «centro». Desde este punto de vista, el centro aparece como una ventaja y la periferia como desventaja. Las periferias estarían pobremente desarrolladas, con escasos recursos, constituidas por economías de base primaria, con baja tecnología y proliferación de actividades intensivas en trabajo y con población dotada de escasas capacidades, ignorante, poco socializada, tosca, individualista y dominada por la tradición y el conservadurismo.

Una consecuencia de esta visión de periferia asociada a atraso económico es la visión de la emigración como una consecuencia inevitable de ese atraso. Esta visión tiende a ver la emigración como una desgracia social y una pérdida de energías sociales para el crecimiento, cuando en muchos casos es una dinámica que tiene aspectos positivos. Pero, además de esta dimensión de atraso económico, tanto en el lenguaje común como en los estudios académicos el concepto de periferia tiene también un sentido esencialmente político y cultural. El «centro» sería aquella parte de un país o de una unión de países, como en el caso de la UE, que impone sus valores sobre las personas que viven en la «periferia». La capacidad para mantener posiciones de poder dentro del sistema institucional define en este caso la condición de centro y, por exclusión, lo que es la «periferia». En esta visión, la periferia es un área que no crea valores culturales, sino que los recibe pasivamente del «centro». Esta falta de cultura propia aparece como un hándicap para el éxito empresarial y económico.

Desde esta perspectiva, muchos estudiosos asocian la periferia a regiones o países sin instituciones políticas, jurídicas y sociales distintivas y eficaces, sin capacidad para crear cultura y valores relacionados con el espíritu de empresa y el progreso económico; países cultural y políticamente dependientes e incapaces de originalidad y de espíritu de empresa.

Frente a esta visión negativa de la periferia, en la literatura sobre desarrollo económico hay también una visión más positiva. El trabajo de Sidney Pollard, *Marginal Europe. The Contribution of Marginal Landas Since the Middle Ages* (Clarendon Press, Oxford, 1998), ofrece una revisión de la literatura que sostiene una visión positiva, así como numerosos ejemplos de éxito empresarial y económico de la periferia europea. Esta literatura pone de manifiesto que, aun cuando no siempre sea posible eliminar las limitaciones y las dificultades que la periferia tiene para el acceso a los mecanismos de poder, eso no ha sido un obstáculo para que, de cuando en cuando, podamos encontrar casos en que las periferias han estado entre las sociedades líderes en el cambio técnico, económico y cultural. Uno de ellos, es sin duda el hecho de que la primera Revolución Industrial haya surgido en Escocia, una zona periférica de la Inglaterra y la Europa del siglo XVIII.

Un ejemplo más actual y cercano a nosotros es el liderazgo empresarial alcanzado por Inditex desde Galicia, una región vista con frecuencia como periférica y mal dotada de espíritu de empresa. Sin embargo, Inditex ha sabido aprovechar la globalización y la revolución tecnológica para desde la «periferia» protagonizar una revolución en la cultura empresarial, en la forma de hacer empresa y de inventar nuevos modelos de negocios que, en algún sentido, recuerda al caso escocés.

La pregunta es entonces esta: si lo pudo hacer Inditex, ¿por qué no pueden surgir más iniciativas de ese tipo en Galicia que fortalezcan su espíritu de empresa y su capacidad para el crecimiento económico a largo plazo?

### **III. ¿Qué determina el éxito económico de los países? Las visiones de los economistas y de los historiadores**

A la hora de aislar los factores que parecen ser determinantes del espíritu empresarial y del éxito económico de los países, las explicaciones de los economistas y de los historiadores escogen diferentes factores entre los «sospechosos habituales» que están detrás del crecimiento.

Los economistas han tendido a identificar y utilizar en sus modelos elementos explicativos como el comercio (grado de apertura comercial), la dotación de recursos existentes (tierra, capital, trabajo y tecnología), la geografía (localización, comunicaciones y clima), el capital humano y la calidad de las instituciones (buen gobierno, costes de transacción).

La investigación económica más reciente acentúa el papel de las instituciones. Aunque la literatura es amplia, merece la pena destacar los trabajos de Dani Rodrik, *One Economics, Many Recipes. Globalization, Institutions and Economic Growth* (Princeton, 1997) y de Daron Acemoglu y James A. Robinson, *Why Nations Fail* (2012, traducción castellana *Por qué fracasan los países*, Deusto, 2012). Es sintomático observar que este retorno al papel de las instituciones es como un retorno a los orígenes de la ciencia económica moderna, a la obra de Adam Smith sobre la naturaleza y causa de la riqueza de las naciones. Una obra, por cierto, nacida en el contexto de la emergencia de la Revolución Industrial en la periferia escocesa.

Por su parte, los historiadores han tendido a focalizar más su atención en el papel de la cultura y la política a la hora de explicar el éxito económico. En su *La riqueza y la pobreza de las naciones*, David Landes ha sido taxativo respecto del papel de la cultura al afirmar que «si alguna lección puede sacarse de la historia del desarrollo económico, es que la cultura es el factor determinante por excelencia». Pero, como señala el propio Landes, «la cultura, entendida como el conjunto de actitudes y valores íntimos que guían la conducta de una población, asusta a los académicos. Los economistas [...] se preguntan si la cultura es tan poderosa, por qué no tiene una influencia coherente», y continúa: «Un amigo economista, maestro en terapias político-económicas, resuelve esta paradoja rechazando que exista vinculación alguna [entre cultura y desarrollo económico]. La cultura, afirma, no le permite elaborar predicciones sobre la producción». «No estoy de acuerdo», afirma Landes. (*La riqueza y la pobreza de las naciones*, Crítica, 1999, 471).

La cultura es un factor explicativo sugestivo, pero plantea muchas cuestiones. A alguna de ellas se ha referido Amartya Sen al mostrarse incómodo respecto a la utilización de la «cultura asiática» como factor explicativo del desarrollo económico de Asia en las últimas décadas. Dada la relación que parece existir entre cultura y resultados económicos, los cambios registrados en un factor afectan al otro. David Landes menciona varios ejemplos de cómo los resultados económicos han modificado pautas culturales muy arraigadas en algunas sociedades cuyas tradiciones no eran favorables a las oportunidades que ofrecen los cambios económicos (globalización) y tecnológicos.

Asociado a la cultura está el papel que un cierto sentimiento patriótico o nacionalista parece tener en los casos de éxito en la industrialización y el crecimiento. A esa dimensión ideológica se refirió ya Alexander Gerschenshron en su estudio sobre el atraso económico y la industrialización. Recientemente, también Robert Schiler, premio Nobel de Economía de 2013, se ha referido a este componente cultural-patriótico, tanto para explicar el crecimiento económico asiático de las últimas décadas, como la nueva política económica que ha puesto en marcha el nuevo primer ministro japonés Shinzo Abe para sacar a la economía japonesa de su prolongada depresión.

A modo de resumen de este debate entre economistas e historiadores acerca de los determinantes del éxito económico de los países, podríamos decir que los economistas ponen su atención en la calidad de las instituciones y en las capacidades de la población, mientras que los historiadores señalan la importancia de la existencia de factores culturales y de una política pública capaz de fomentar el espíritu de empresa y de crear dinámicas industrializadoras que impulsen el crecimiento a largo plazo de la periferia.

A este respecto, David Landes se cuestiona «¿Son la globalización y la convergencia preludio del fin de la era de las políticas nacionales? ¿Puede la sociedad permitirse esperar a que surja y se expanda espontáneamente el espíritu de iniciativa privada? ¿Puede la política económica y la intervención del Estado tener un papel relevante en este proceso?». Pensemos en el papel del Estado en el desarrollo de sociedades como las de Corea, Taiwan, Japón o China. O, yendo al pasado, en los casos de Alemania o Francia en el siglo XIX. O, volviendo al presente, en las políticas de reindustrialización puestas en marcha por la Administración Obama y otros gobiernos de los países occidentales desarrollados.

Siempre cuestionada, pero siempre presente, la intervención del Estado en la promoción del espíritu de empresa y en la industrialización «recuerda a la niña pequeña que tenía un ricito en mitad de la frente: cuando se portaba bien, le sentaba a las mil maravillas; cuando se portaba mal, estaba feísima» (Landes, op. cit., 474).

#### **IV. Formas de pensar el papel de la política pública en el fomento del espíritu de empresa y en el crecimiento regional**

¿Cómo pensar el papel que la política económica puede tener en el impulso al espíritu empresarial y al crecimiento a largo plazo de regiones o pequeños países que forman parte de uniones políticas y económicas?

Sin duda, el papel de la política macroeconómica no es neutral en el impulso al crecimiento económico regional dentro de la UEM. La fragmentación financiera que vive la zona euro desde la aparición de la crisis de la deuda en 2010, la apreciación del euro y las tendencias deflacionistas son un lastre para el crecimiento de la «periferia».

Pero esta dimensión macro de la política económica europea no será abordada en este ensayo. Aquí focalizaremos en el papel y el margen que existe para diseñar, desde dentro de la propia periferia, políticas microeconómicas o industriales que fomenten e impulsen la industrialización, el crecimiento y el empleo.

Sugeriré dos instrumentos analíticos que, por un lado, nos ayuden a pensar cómo la política pública puede impulsar el fortalecimiento del tejido empresarial y, por otro, a pensar cómo fomentar el crecimiento económico a largo plazo.

## 1. La cuenta de resultados de las empresas y el papel de la política pública en la generación de valor y el fortalecimiento del tejido empresarial regional

Dado que el éxito económico de las regiones se apoya, en último término, en el éxito de sus empresas, podemos utilizar la cuenta de resultados de las empresas como un instrumento analítico para identificar el papel que puede jugar la política pública en el impulso al crecimiento empresarial regional.

El cuadro siguiente esquematiza una cuenta de resultados tipo, con las diferentes partidas que la forman.

**Cuadro 1**

### **Estructura de la cuenta de resultados y rol de la política pública**

Ventas brutas	110
Gastos comerciales	-10
<hr/>	
Ingresos netos	100
Compras de materias primas	
Compra de semi-elaborados	
Energía (fuel-oil, electricidad y gas)	-50
Servicios exteriores y mantenimiento	
Gastos en TICs	
<hr/>	
Valor añadido	50
Gastos de personal	-15
<hr/>	
Margen bruto	35
Gastos de personal directo	
Gastos generales	-15
Gastos corporativos	
<hr/>	
Resultado de explotación-EBITDA	20
Gastos financieros	-5
<hr/>	
Cash Flow	15
Amortizaciones	-5
<hr/>	
Beneficios antes de impuestos	10
Impuestos	-3
<hr/>	
Resultado neto	7



A partir de este esquema de cuenta de explotación, podemos hacernos preguntas acerca de como la política económica, en sus diferentes niveles de actuación, puede contribuir a fortalecer y mejorar el funcionamiento del tejido empresarial regional y, por tanto, su crecimiento.

**a) Medidas de política económica que aumenten los ingresos netos. Ejemplos**

Así, por ejemplo, en el corto plazo la política industrial puede reducir los gastos de explotación actuando sobre:

- Eficiencia y calidad de infraestructuras de transporte.
- Buena gestión del sistema de precios y tarifas del transporte y de la logística.

**b) Medidas de política económica que reduzcan el coste de los factores. Algunos ejemplos**

- Controlar los precios de los servicios regulados que impactan en los costes de las empresas que actúan en mercados competitivos, sobre todo los precios energéticos y los precios sujetos a tarifas. La utilización de *benchmarking* regional puede ser un instrumento muy útil.
- Diseño e implementación de proyectos públicos de I+D+i orientados a crear un conocimiento útil para las Pymes, tanto para innovación en procesos productivos y comercialización como para productos nuevos.
- El impulso a la concentración del desarrollo de las relaciones Universidad-Empresa-Centros tecnológicos de creación de conocimiento.
- Mejora de centros de formación y creación de conocimiento útil a través del impulso del Espacio Europeo de Educación Superior y del Espacio Europeo de Investigación (programas europeos).
- Políticas de territorio, focalizando las acciones sobre determinadas áreas de conocimiento, formación de clústeres (ejemplo del País Vasco).

**c) Medidas de política económica para mejorar el margen bruto. Algunos ejemplos**

- Medidas que incentiven la inversión en formación, especialmente de aquellos con empleos precarios.
- Desarrollo de incentivos para la creación de programas públicos de empleo juvenil, ocupación de inmigrantes y contratos de relevo. Soporte sofisticado a los desempleados.
- Mecanismos de evaluación del impacto de estas medidas con el objetivo de transparentar sus efectos.

- Medidas de política económica que favorezcan la reducción de los gastos financieros.
- Tutela y regulación de las condiciones de pago y los plazos para reducir el impacto de la morosidad, especialmente de las Administraciones Públicas.
- Provisión de financiación blanda a las políticas industriales de incentivación.

**d) Medidas de política económica que incrementen el *Cash Flow* y el beneficio neto**

- Aumento del porcentaje de amortizaciones fiscalmente deducibles, amortizaciones aceleradas o afectadas a operaciones concretas a través de mecanismos como la regulación de balances.
- Medidas fiscales orientadas a la reinversión de recursos.
- Medidas de política económica que afectan al beneficio neto antes de impuesto.
- Instrumentos fiscales que favorezcan la I+D+i.
- Favorecer la discriminación entre beneficios retenidos y no retenidos (dividendos repartidos).

**2. La matriz del crecimiento a largo plazo**

Para pensar cómo la política pública puede impulsar el crecimiento a largo plazo de los países o regiones podemos utilizar una matriz del crecimiento que identifique algunos de los factores determinantes del crecimiento de acuerdo con el debate actual entre los especialistas en crecimiento económico.

En este debate, y de acuerdo con la importancia que ha adquirido el enfoque centrado en las instituciones al que me referí más arriba, se acentúa la importancia para un país de disponer de buenas instituciones (calidad institucional) y de una elevada formación de su mano de obra y capacidades de I+D (calidad capital humano).

Este enfoque en las capacidades institucionales y de formación e I+D ha llevado a focalizar las recomendaciones de los asesores de políticas, por un lado, en las reformas institucionales orientadas a mejorar la gobernanza y, en un sentido general, en la calidad de las instituciones y, por otro, en el aumento de los recursos dedicados a la I+D y a la mejora del capital humano.

Siendo válidas estas recomendaciones y actuaciones políticas, este enfoque puede llevar, sin embargo, a cometer errores. Los esfuerzos por mejorar el buen gobierno y la mejora de los recursos humanos no necesariamente producen, por sí solos, buenos resultados en términos de crecimiento económico y empleo. Necesitan ir acompañados de una política orientada a fortalecer las capacidades de industrialización de los diferentes sectores de la economía. Sin aumentar la tasa de

industrialización, la mejora de la calidad, el capital humano y el I+D, no necesariamente se producen buenos resultados en términos de crecimiento sostenido y creador de empleo.

La matriz del Cuadro 2 nos permite ilustrar esta tesis.

**Cuadro 2**

**Tipologías de crecimiento dadas la tasa de industrialización y el nivel de capacidades**

<b>Tasa de industrialización</b>			
		<b>Lenta</b>	<b>Rápida</b>
<b>Nivel de capacidades</b>	<b>Alta</b>	Ningún o escaso crecimiento	Crecimiento rápido y sostenido
	<b>Baja</b>	Crecimiento lento	Crecimiento episódico

Fuente: DANI RODRIK, «The Past, Present, and Future of Economic Growth», WP 1, Global Citizen Foundation, June 2013.

Las cuatro casillas de la matriz ilustran cuatro situaciones tipo. Como se ve, una política pública orientada únicamente a mejorar las capacidades tanto institucionales como de I+D y capital humano, en presencia de una baja tasa de industrialización de la economía regional, puede no producir crecimiento o hacerlo de forma muy débil. Por el contrario, una baja calidad institucional y de capital humano, pero en presencia de una elevada tasa de industrialización puede producir fuertes tasas de crecimiento, aunque de forma temporal. La experiencia española de los años sesenta y setenta, bajo una dictadura y escasa calidad institucional, de capacidades de I+D y capital humano, pero de fuerte industrialización produjo unos resultados notables en términos de crecimiento económico y empleo.

La cuestión es, entonces, como la política pública puede promover a la vez una mejora de las capacidades y una elevada tasa de industrialización.

La industrialización de muchos sectores es una reserva muy importante de empleo, productividad y crecimiento. Como acabo de señalar, el desarrollo español de los años sesenta y setenta es un buen ejemplo de cómo la industrialización manufacturera expandió el crecimiento y generó ocupación de calidad. Hoy, nuevas actividades, como por ejemplo grandes cadenas de retail como Inditex o Mercadona, tienen la capacidad para generar procesos de industrialización y creación de empleo similar a los de las manufacturas.

Sin embargo, la industria ha sido el patito feo de la política económica de todos los gobiernos. La estrategia de apertura y liberalización para el ingreso de España en la

Comunidad Económica Europea penalizó especialmente a la industria. Y lo mismo ocurrió con la paridad de la entrada de la peseta en el Sistema Monetario Europeo en los ochenta y en el euro en los noventa. Además, en esa época era frecuente escuchar, hasta en boca de ministros de Industria, que la mejor política industrial era la que no existía. Pero quizá la muestra más significativa de la falta de interés político por el sector secundario fue la decisión de suprimir el Ministerio de Industria en el año 2000. No hay ejemplo similar en ningún otro país europeo.

Este desinterés y falta de apoyo político a la industria ha tenido dos efectos negativos importantes.

En primer lugar, sobre la formación profesional, que ha sido también el patito feo de nuestro sistema educativo. Lógicamente, donde no hay interés por la industria no puede funcionar la FP. En muchos casos, se ha convertido en una vía muerta donde arrinconar a estudiantes abocados al fracaso. Dado que esto es así, ¿por qué ha de sorprendernos que las familias no consideren la FP como una opción adecuada para sus hijos?

En segundo lugar, sobre la baja capacidad de I+D+i, y su escasa orientación a la investigación aplicada. Si no hay una industria potente, no habrá presión adecuada sobre los gobiernos para aumentar este tipo de gasto público productivo, ni tampoco una elevada inversión privada.

Pero, como no hay mal que por bien no venga, la crisis abre una ventana de oportunidad para articular una santa alianza entre industria, conocimiento útil y empleo. Esta santísima trinidad es posible ahora por tres motivos:

*Primero.* La crisis ha creado una conciencia clara de la necesidad que tienen las empresas de tener capacidad de I+D y una cultura de innovación permanente. Pero por su escaso tamaño, muchas empresas no pueden desarrollar esa capacidad internamente. Han de buscar aliados.

*Segundo.* A diferencia de hace dos décadas, hoy las universidades saben investigar y existen centros tecnológicos con capacidad de generación de conocimiento. Pero este conocimiento está más orientado a la investigación básica que a la aplicada. La disminución de fondos públicos para investigación derivada de la crisis presupuestaria abre una ventana de oportunidad para que las universidades y los centros tecnológicos busquen la alianza con la industria, generando el tipo de conocimiento útil que necesita la industrialización de la economía.

*Tercero.* La falta de trabajadores cualificados es un hándicap para el crecimiento de muchas industrias manufactureras y de las nuevas industrias. A la vez, las personas con Formación Profesional son las que tienen menor porcentaje de paro en España. Es la paradoja de la FP. Por lo tanto, es el momento de buscar también una alianza a largo plazo entre industria y sistema educativo para generalizar y consolidar la formación dual, la que se realiza en los centros y en las empresas. Esto hará de la FP una fuente importante de empleo de calidad y dará legitimidad social a esta opción educativa.

Necesitamos, a nivel regional y estatal, un nuevo contrato social que impulse esta alianza entre empresas, sector público y sociedad. Es un instrumento básico para desarrollar la política industrial estratégica imprescindible para lograr esa santa alianza entre industrialización, conocimiento útil y empleo.

Además de esta capacidad para lograr (esos) acuerdos políticos y sociales favorables al crecimiento y al empleo, la industria genera virtudes cívicas benéficas para la democracia. Por eso, los países desarrollados están volcados de nuevo en favorecer la reindustrialización. La industria nos salvará.

Una aplicación específica de esta propuesta es mediante el desarrollo de clústeres regionales en aquellas actividades donde existan ya capacidades empresariales claras. La economía regional es un buen espacio para llevar a cabo una política de clúster, apoyándose para ello en la política europea y en ejemplos, como el del País Vasco, que puedan orientar una política industrializadora con dos objetivos: promover el fortalecimiento de sectores innovadores y de sectores con elevada capacidad generación de empleo.




## Anexo

### El problema de la escasa dimensión media de las empresas: ¿por qué muchas empresas pierden la ambición de crecer?

La política pública, tanto la regional como la estatal, debería también afrontar el problema de la escasa dimensión media de las empresas. La dimensión influye en todos los *outputs* de la empresa: productividad, innovación, exportación, empleo, resultados, etc.

**Gráfico 1**

**La gran empresa española es más productiva que la alemana  
Valor Añadido Bruto por empleado en empresas manufactureras\***




\* A partir de los últimos datos disponibles correspondientes a 2007

Fuente: OSCDE, Structural and demographics business statistics y elaboración propia.

El problema está en que el tamaño medio de la empresa española/ gallega es, en términos comparados con otras economías de tamaño similar, demasiado pequeño (ver Gráfico 2).

**Gráfico 2**  
**La PYME en España copa la mayor parte del empleo**  
**Distribución de empleados por tamaño de la empresa**  
**en el sector manufacturero\***




\* A partir de los últimos datos disponibles correspondientes a 2007

Fuente: OSCDE, Structural and demographics business statistics y elaboración propia.

¿Por qué el tamaño medio de las empresas españolas es menor que en economías de tamaño similar de otros países europeos? ¿Qué puede explicar el mayor número de pequeñas empresas en la economía gallega/ española? ¿Por qué muchas empresas pierden la ambición de crecer cuando llegan a determinado tamaño, me-

dido por el volumen de facturación? (Ver gráfico de M. Almunia y D. López, con datos de la Agencia Tributaria)

**Gráfico 3**  
**Ingresos Operativos Anuales (2006)**



Si fuésemos capaces de encontrar una respuesta a esta cuestión, la política pública podría hacer una contribución esencial al fortalecimiento del espíritu de empresa y al crecimiento regional.



# O paradigma do atraso: razóns dun éxito

LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO

Hístagra - USC



## I. Introducción

A reflexión que se presentou para o debate partía da interpretación dos obxectivos básicos que articularon a convocatoria deste primeiro Faladoiro da «Cátedra Juana de Vega». A saber: a) Discutir as mudanzas xeoestratéxicas e políticas que se teñen producido nos últimos vinte/trinta anos e en que medida afectan a pequenos países e a pequenas economías; b) Analizar as «ideas recibidas» e a súa influencia na construción das estratexias de Galicia: caciquismo, ruralismo, atraso, dependencia...; c) Avaliar as fortalezas e debilidades de Galicia no campo das oportunidades económicas e as relacións institucionais (apertura ao exterior, internacionalización); d) Localizar a posición de Galicia no contexto político español e europeo; e e) Debatir as oportunidades de Galicia considerada como unha «nación cultural».

Corenta anos despois de que Xosé Manuel Beiras formulará a teoría do atraso, semella que esa idea segue sendo a que mellor explica o país a xulgar pola súa persistencia nos discursos da Galicia actual. De ser así, iso significa que nestes 40 anos non pasou ren nen houbo Historia. Seguimos onde estabamos. A idea de atraso había ter, nestas catro décadas, nunha proposta de modernización o seu complemento permanente. De non ser así, estaríamos diante dun mito paralizante e falso que lastra solucións, ambicións e eiva as innovacións. Isto último é o que quero considerar. Por iso, e como aquí se trata de analizar as teorías e ideas que nos explican coetaneamente, cómpre preguntarse por que parece que nos convén a imaxe de atraso. Por que a idea

do atraso segue sendo asumida acriticamente pese ao paso do tempo e o cambio das condicións nas que esa idea se fraguou? Por que un diagnóstico de hai 40 anos parece seguir sendo dominante hoxe en día e é reproducido política e socialmente con poucos matices?

Parto de que a idea de Galicia como país atrasado é usada como desculpa e sobre todo como argumento de reclamación e queixa, pero tamén de que a conciencia de atraso actúa como un factor limitante de capacidades propias.

Neste relatorio ocúpome de discutir algunhas das «ideas recibidas» como galegos e galegas de hoxe e analizo a súa influencia na construción das estratexias da Galicia actual ou, máis ben neste caso, como pexa, peso morto ou lastre que impiden pensalas doutro xeito. Prexuízos, en fin: xuízos previos inamovibles, puntos de partida comúns para calquera análise sobre o presente e futuro do que hoxe chamamos Galicia. Tal é o que aquí e agora queremos falar. Por iso cómpre reparar en que algúns deses tópicos asociados á idea de atraso cos que nos definimos (e nos definen) —caciquismo/clientelismo, ruralismo, minifundismo, illamento, dependencia...— deben ser revisados no pasado, no seu contexto, porque foi no pasado cando foron construídos. O atraso réúneos e explícaos. Un atraso que é primeiro atraso agrario e, debido ao predominio produtivo do agro, atraso do país. Dese atraso agrario derivaría o industrial, o económico no seu conxunto (na era da industrialización), o social, o cultural e, por suposto, o político. De xeito que, sendo a raíz de todos os males, a solución do problema do agro galego suporía tamén a solución de todos os demais e, en última instancia, a solución, dende ese punto de vista, do problema nacional, do problema de Galicia.

«Ideas recibidas» que deben considerarse en canto teorías que cremos que nos explican e que son asumidas acriticamente malia o paso do tempo e o cambio das condicións sociais, políticas e económicas. Ideas aparentemente tan duradeiras neste país como o granito que o constitúe xeoloxicamente. Non se trata porén de facer unha análise de discurso ou de campo, ao estilo da socioloxía de Pierre Bourdieu, que en todo caso está pendente e rendería moitos servizos neste asunto. Pódese contrastar, e farase neste seminario, a formulación orixinal do atraso e os vaticinios que levaba aparelados, propios das ciencias sociais prospectivas, cos resultados do proceso histórico posterior para criticar a pervivencia do diagnóstico sobre as raíces e as razóns dos males que explicarían o suposto atraso actual, como se non pasara o tempo. Pero, pola miña banda, sobre todo cómpre confrontar a concepción do pasado da que emana e que sostén a teoría do atraso cos resultados da investigación historiográfica rural dos últimos corenta anos que nos presentan un panorama dos séculos contemporáneos marcadamente diferente ao pasado que presuntamente se correspondía co atraso dos anos setenta.

A forza que ten aínda a idea do atraso enténdese ao repararmos nalgúns elementos comúns do discurso político e social, obviando as diferenzas ideolóxicas ou cultu-

rais, e pode comprobarse no ámbito mediático ou no escolar. Está presente na maioría das reflexións e cosmovisións actuais, e como discurso foi capaz de deglutir todos os intentos de erosión que sufriu mesmo dende as novas tendencias culturais xuvenís dende a década de 1980. De feito, a crítica ao atraso non é nova, nin sequera unha tendencia recente: é tan vella como a formulación da propia teoría do atraso, pero non logrou marxinala, superala ou deixala atrás.

A utilidade ou conveniencia colectiva desta idea é unha premisa de partida. Se as ideas recibidas seguen a ser usadas é porque as sociedades cren nelas e sobre todo porque nos conveñen. Por suposto, tamén por inercia ou pola capacidade de dominio no campo académico e político. A pregunta que fago é por que nos convén —ou nos conviña— a imaxe de atraso? Para intentar responder procurarei atender ao fundamento histórico desta idea, dende o punto de vista teórico-intelectual e dende o punto de vista labrego-campesiño.

A coherencia e perfección desta idea na súa elaboración é tamén un dato a ter en conta na explicación, así como a súa oportunidade histórica, pois fórmulase no momento adecuado e sobre datos obxectivamente incontestables naquel contexto e coas ferramentas teóricas e conceptuais do momento. A coherencia e perfección é tal que, pese a mudar o contexto e as condicións, a idea pervive no uso, na conciencia e na memoria colectiva ou, cando menos, nalgúns dos seus elementos esenciais.

A idea do atraso, por ser a central e a que articula, dá coherencia e enmarca outras. Trátase dun artefacto de gran precisión cultural, antropolóxica e socio-política, construído nun tempo e sobre unhas bases teóricas e políticas que o fan impecablemente resistente ao cambio. Duradeiro. Como non interesa nesta altura, entendo, insistir na perfección daquela teoría enmarcadora do que era esta sociedade —dos que vivían nesta sociedade— aló pola primeira metade dos anos setenta, céntrome en resaltar os problemas da pervivencia daquel marco teórico. Por iso só me referirei aos seus méritos como crítica. A crítica da perfección convertida en coartada, pexa ou lastre na Galicia actual, que dificulta pensármonos colectivamente doutro xeito e, sobre todo, pon inmensas dificultades, máis que á mudanza, a aceptar a mudanza realmente producida: Inditex sería unha anomalía e Pescanova unha anécdota. Trátase pois de analizar o paradigma que mellor nos explicou coetaneamente ata agora mesmo. A teoría coa que mellor nos identificamos, á que recorreremos cando non temos outras explicación mellores que dar para referir cara a fóra quen e que somos, e tamén para protestar e reclamar. O marco estruturante que mellor lle permite á maioría intentar explicar o que é a Galicia actual. Quizais por iso Xosé Luís Barreiro prolongouno como *atraso político*, Marcos Lorenzo como *atraso psicolóxico* e Xaime Subiela como *atraso reflexivo*.

## II. A construción contemporánea do atraso

### 1. Unha idea forte

Unha teoría tan forte que resistiu até hoxe e foise adaptando a todas as mudanzas e críticas formuladas dende un primeiro momento na perspectiva política e económica. Non deixa de ser sintomático do seu éxito que, xa ao pouco de formularse a idea do atraso na versión de Beiras (1973), recibirá críticas directas á súa visión global en *A outra economía galega* (1979) por parte de dous novos economistas, Albino Prada e Abel López, e de forma máis centrada na cuestión agraria de dous economistas agrarios como Xosé Colino e Emilio Pérez Touriño que, en *Economía campesiña e capital* (1983), debullaron teórica e empiricamente unha demorada e profunda crítica ao atraso na xenuína versión de Beiras, incorporando o marxismo gramsciano e a corrente dos estudos campesiños á súa análise. Mesmo no campo do galeguismo, aínda que dende unha tradición parella, un libro como *A marxización de Galicia* (1979) de Valentín Paz Andrade impugnaba presupostos esenciais do que Beiras formulara nos traballos anteriores ao *Atraso...*: ademais, a práctica económica e vivencial do autor cuestionaba tamén algúns dos presupostos centrais da tese de Beiras, na que non podía caber unha empresa como Pescanova máis que como excepción anecdótica que confirmase a regra.

A impugnación das teorías e análises que fundamentaban o atraso procuraban descubrir e indagar nesa fasquía dos cambios que entón vivía a economía e que o propio Beiras cita no limiar do seu libro como indicios da mudanza da realidade que el acababa de retratar uns anos antes. Algunhas das críticas confrontaban coa a teoría do colonialismo interior (unha idea tomada do francés Robert Lafont) ou discutían a cuestión central dos debates das ciencias sociais cunha orientación marxista na fin do franquismo e na Transición: a conformación e características da estrutura de clases e o papel potencial das mesmas no proceso revolucionario que se prevía impulsar. En última instancia, naquela altura, eran os partidos e os seus debates os que definían a axenda e as lóxicas dos debates académicos ou sociais, moi especialmente na cuestión do atraso. O problema ao que toda a esquerda marxista (a única existente naquel tempo) se enfrontaba e pretendía resolver era como afrontar a revolución nunha nación de propietarios agrarios con illas urbanas de obreiros e que, en ausencia de man de obra asalariada no agro, non dispoñía senón dunha masa de campesiños que, na vulgata marxiana, só era un *saco de patacas* inútil para a revolución socialista.

Hai tamén críticas e cuestionamentos máis recentes da idea do atraso na obra de Miguel Anxo Murado *Otra idea de Galicia* (2013), que xa o di todo no título e aínda máis no capítulo dedicado ao *mito do atraso*. Este mesmo autor cita con tino o traballo de Manuel Veiga, quen pescuda a teima no atraso dende *Causas*

*principales del atraso de Galicia* (1881), ata o idem de Beiras (1972). Do mito do atraso e dun outro pasado agrario contemporáneo que impugna aquel no que se fundamenta o atraso vimos tratando os historiadores agrarios dende os anos setenta ata hoxe mesmo, para a época moderna e a contemporánea.

Non obstante as impugnacións, a idea do atraso resistiu o paso do tempo e está non só nas concepcións globais, senón nas ideas sobre o pasado, as posibilidades, as impotencias e as incapacidades sociais e económicas do país. Isto é moi claro. por exemplo, na visión da emigración como a lacra que era —e era vivida— exclusivamente nos anos sesenta, máis aínda analizada dende a nova demografía científica como o propio Beiras e outros autores fixeron daquela. Aquela visión vivida, sufrida e analizada naquel tempo segue sendo a dominante e mesmo a máis popular.

Aquel diagnóstico do atraso provocou e reclamou reformas e transformacións nestes 40 anos pero mantense asombrosamente aínda hoxe o diagnóstico sobre os nosos males do agro pegado ao que daquela se formulou, sexa na súa forma popular ou na culta. Ademais, o atraso, como visión histórica do pasado galego, foi unha idea *atrapado* e, de feito, durante moito tempo serviu tamén para enmarcar toda a produción sobre o pasado dende a historia económica, a teoría social ou as ciencias agrarias en xeral, aínda que non sempre encaixase.

Non só resistiu as críticas senón que, a través da academia e do poder intelectual dos seus actores, impregnou unha parte importante das ciencias sociais en Galicia. Autores recentes en traballo, e mesmo relativamente novos en idade, recorren á idea do atraso, por activa ou por pasiva, para explicar nos seus ensaios as condicións históricas e contemporáneas da economía galega e, en última instancia, a posición da súa sociedade no espazo e no tempo. De Galicia como país ou como nación. O diagnóstico dos problemas e mesmo a enumeración dunha parte dos problemas segue estando referida ao atraso como artefacto axial. Nos seus sucesivos ensaios nos que procura *aire para respirar* Antón Baamonde (2002) é, por exemplo, debedor dalgunhas destas claves socio-históricas do atraso. Máis recentemente, un derrubador de mitos como Xaime Subiela (2014), ao preguntarse *para que nos serve Galicia* con novas percepcións e perspectivas non logra, pese a que o intenta, superar tampouco as pexas atrasistas.

Aínda que houbo moitos autores piteirando contra o atraso, especialmente moitos da miña xeración, a idea segue rendendo utilidade sen que ninguén a dese deitado de vez ou acabara por atreverse contundentemente a facelo pola vía dun novo ensaio global sobre a Galicia actual. E non é sen tempo que compre facelo. Na nosa tese, formulámolo directamente dende a historia do cambio tecnolóxico presentando uns *Labregos con ciencia* (1992); Murado (2013) tómao de fronte pero cómpre derrubar de vez un *trompe-l'œil* que xa non é tanto a formulación orixinal dos anos setenta senón o mito descontextualizado que dela queda hoxe. Mais é igualmente necesario dar conta da idea orixinal.

## 2. O seu contexto: unha idea oportuna no momento oportuno

A idea de atraso é a idea dunha época e, como tal, historicamente oportuna e magnificamente formulada en Galicia. De feito, foi construída entón coa mellor e mais perfecta achega académica posible. Tan ben formulada está que a forma e a pluma dos formuladores a negan ao situar ao país nas principais correntes do pensamento económico da época e ao seu máis alto nivel.

Foi formulada por extenso por X.M. Beiras no famoso *O Atraso económico de Galicia* (1973), pero en realidade este autor elaborouna ao longo dunha década de traballos previos sobre a emigración, a poboación, a agricultura e o *problema do desenvolvemento da Galicia rural*, en libros, artigos e colaboracións na *Revista de Economía de Galicia*. Mais enténdese aínda mellor expresada por Carlos Otero Díaz («Caracteres esenciais de la agricultura gallega», *Agricultura y Sociedad*, nº 2, 1977), un autor que non adoita relacionarse con esta cuestión pero que no seu texto pecha o círculo do que é posible acreditar e pensar, dende a ciencia económica e dende a política naquel tempo, e que tamén se ocupou na década precedente da *agricultura galega ante o desenvolvemento*. O primeiro autor representa o galeguismo antifanquista e tendencialmente esquerdistista; o segundo responde á idea da dereita que quere ser liberal na saída do franquismo e galega como calquera. Os dous son grandes economistas ben formados nas correntes económicas do seu tempo e mesmo con significativas raíces en mestres republicanos (Jesús Prados Arrarte<sup>1</sup> no caso de Otero Díaz) que dan profundidade temporal e *background* ao seu pensamento.

Ambos os dous autores, tomados como referencia da formulación dominante desta idea convertida en doutrina económica, incorporan as correntes máis anovadoras dos anos cincuenta e sesenta, das que se amosan ben coñecedores, sobre desenvolvemento-subdesenvolvemento na versión liberal ou centro-periferia na versión marxista en boga na altura, especialmente na versión latinoamericana de Raúl Prebisch a quen, no referido artigo, Otero Díaz cita xa na terceira liña.

Ambos os dous atenden e interpretan nas claves do seu tempo e na práctica sen pasado: sen conexión de relato co pasado e dende un presente de ditadura que ven de saír da guerra. O pasado é para eles un pozo sen fondo, pouco coñecido, pero do que extraen baldes de argumentos moi ben traídos ao seu favor. Sexa a *Pragmática de perpetuación de foros* de 1763, os escritos dos ilustrados que recupera Beiras como Pedro A. Sánchez ou Lucas Labrada, a desamortización do XIX, a creación da estrutura provincial polo liberalismo en 1833... todo o pasado alimenta xeneticamente o atraso, nunha versión teleoloxicamente inversa

---

1 Catedrático de Santiago expulsado en 1936, fixo a Guerra Civil no Estado Maior, exiliado en Arxentina, traballou na ONU e incorporouse á CEPAL antes de volver a España, en 1959, como catedrático da Universidade Complutense e director do Servizo de Estudos do Banco Central.

á do progreso. Tamén, por suposto, o coñecido e traído asunto da pasada emigración americana, vista agora á luz da inmensa sangría coetánea cara a Europa e sumada a un imparable éxodo rural cara ás cidades, que se mide e se analiza en detalle conforme está sucedendo.

Un pasado convertido en tradición que obstrúe a Modernidade e que eles coñecen principalmente a través das opinións deixadas polas elites ilustradas. Nin estas nin aquelas elites intelectuais ollan igual que o resto da sociedade. Pero nos anos sesenta e setenta nin as elites, nin o común tampouco, ollan ao pasado senón ao presente e a un futuro no que teñen a súa grande esperanza; aínda por riba dispoñen agora dunha ciencia do presente, a ciencia social, que está a triunfar en forma de economía, socioloxía ou antropoloxía. Tanto os autores, como toda Europa e o conxunto da sociedade española, só miran ao futuro no contexto do desenvolvementismo e a modernización dos «anos dourados» como chamou Tony Judt ás décadas posteriores a 1945.

O interese dos autores é académico pero tamén político por canto queren responder ás demandas de comprensión da súa época, con lóxica xeracional e clara vocación de transformación política. No caso de Beiras, inscrito nas correntes e nos debates da esquerda e do galeguismo, tratábase de responder que sociedade galega ía facer o tránsito á democracia despois da morte de Franco, ou o que para outros autores do espectro político da esquerda era basicamente responder á pregunta de como facer a revolución nun país de propietarios agrarios.

A súa propia posición intelectual e unha capacidade ben conectada coas correntes académicas e de pensamento europeas da época, fan dubidar do atraso daquela sociedade; pero eles son aparentemente presentados e preséntanse só como uns ilustrados nun mar de pobreza e atraso agrario, no que a finura fidalga ou a singularidade e distinción vilegas non chocan nin estrañan. Ou máis ben, no medio do agro que sinala o atraso, no medio dunha ditadura imposible de localizar na Europa posterior a 1945 (a portuguesa, sen guerra civil, sen coqueteo cos nazis e probritánica é diferente), que ven de protagonizar a posguerra mais longa de Europa (20 anos) e está aínda no estertor das políticas autárquicas do fascismo de entreguerras e virando —relativamente— á disciplina da ortodoxia económica mundial para lograr un proceso de desenvolvemento acelerado só comparable nos números a Xapón entre 1960 e 1973. Un proceso no que o agro non parece, nin aparentemente nin nos números, que despegue: o progreso pulado polos Servizos de Extensión Agraria é aínda lento e a xente emigra en masa para financiar un desenvolvemento que, antes de 1975, simplemente nin se empeza a «ver» como di Beiras e o que se ve, non gusta. Eís as diferentes visións de Beiras e Otero Díaz. O que se ve desestrutura, faino un poder ditatorial... é, sen dúbida, *un proceso de cambio por derrubo* ao que o segundo aspira e que o primeiro critica pero que todos alentan e co que todos colaboran supoñendo que son

cousas diferentes as políticas agrarias no franquismo —positivas e portadoras de modernidade— aplicadas e desenvoltas por unha multitude de novos titulados en modernidade, que as políticas agrarias do franquismo, nunha disociación que asombrosamente aínda parecen manter na memoria os protagonistas.

Os dous autores tomados como exemplo din cousas diferentes pero idénticas ao cabo porque os une o mesmo paradigma científico e epistemolóxico por mais que un se mova na contorna do marxismo e das teorías da dependencia e o outro intente expresar a formalidade liberal que naquela España saíndo do franquismo tiña poucos coñecedores e menos adeptos.

### 3. O atraso: unha visión acaída e coherentemente tópica de nós mesmos naquela altura

A perfección da explicación que construíron non é allea á capacidade para reunir coherentemente e explicar todos os tópicos: a Galicia atrasada por fin ten quen lle dea coherencia nos anos sesenta.

O atraso enmarca o pasado, a memoria e o presente de hai 40 anos. Enmarca o noso enxebre ruralismo, ese do que ninguén dubida, entre outras cousas porque foi convertido en sinal de identidade nacional e cultural sen complexos cando correspondía facer esta construción entre 1880 e 1914: un ruralismo mesmo afirmado intelctualmente nos anos de 1920 pola Xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos con algunhas das mellores ferramentas posibles na Galicia europea daquela altura: arqueoloxía, etnografía, arte, xeoquímica, etc. Atende e dá resposta tamén á preferente dedicación agraria do país que nos liga á terra como sustento e produción, máis do que queremos dende 1960, nun tempo que nos fixo a todos «desertores do arado» no seu recente abandono produtivo pero non cultural.

E, por fin, o atraso enmarca convenientemente ese mundo rural que consideramos, e nisto estamos emparellados con España e outros Estados do sur de Europa, ese *pozo de todos os males*, responsable último de todos os nosos males na versión histórica e económica do pasado coa que intentan explicar a diverxencia con Europa as xeracións da posguerra que viviron e sufriron a ditadura e protagonizaron a transformación da Transición, reactualizando os lamentos do 98 e a enumeración dos *males de la patria*.<sup>2</sup> Ese mundo rural sería o responsable desa diverxencia económica, social e política, por empregar a tríade estruturalista, derivada da ignorancia propia do analfabetismo e a falta de instrución que as mentes liberais quixeron corrixir dende o século XIX; do dominio da relixión, a superstición e os cregos reaccionarios; do control exercido sobre esas pobres xentes polo caciquismo que trucaba o

2 GARRABOU, R. et al. (2001): *El pozo de todos los males. Sobre el atraso en la agricultura española contemporánea*. Crítica, Barcelona.



sistema político representativo e facía imposible o liberalismo europeo; labregos e campesiños tan pobres —illados do mercado— que campesiño e pobres son sinónimos na memoria. Ben é verdade que ese problema agrario —minifundismo no norte e latifundismo no sul, na súa expresión quintaesenciada— quixo ser solucionado pola Reforma agraria que nunca se puido facer porque a Guerra Civil o impedíu.

Nesta visión e para esa interpretación, os campesiños son ignorantes, conservadores dominados polos cregos, individualistas, reacios a asociarse e refractarios á innovación, precapitalistas pero propietarios. Este é o panorama do atraso, estatisticamente, cientificamente, testemuñado, por se había dúbida, no Iº Censo Agrario (1962). E onde máis, nos territorios máis rurais de ocupación e máis agrarios de dedicación. Poucos coma Galicia que, máis que nunca antes, olla con envexa os progresos da modernidade industrial en País Vasco e Cataluña.

Pero en sentido complementario é o diagnóstico necesario para alentar a modernización como programa, mesmo aceptamos varias modernizacións... pois o atraso está formulado como un elemento complementario da teoría da modernización no tempo histórico inaugurado pola posguerra mundial no que triunfou ese paradigma nas ciencias sociais e políticas. O atraso non só enmarca senón que actualiza discursos e ideas anteriores e dálles sentido nun novo tempo e nun novo marco conceptual coas ferramentas teóricas e instrumentos das novas ciencias sociais.

#### **4. Utilidade: o atraso como mecanismo de defensa colectivo**

A pervivencia da idea do atraso entre nós ten que deberse a algo máis que á pura inercia, á comodidade e a un dominio intelectual e académico. Tamén a algo máis que á perfección e oportunidade da súa formulación. Mais esta é unha cuestión que xa foi debatida especificamente neste encontro. Achego algunhas vías de explicación para ese debate.

A desculpa do atraso resulta un magnífico mecanismo de defensa para unha sociedade de orixe labrega e tendencialmente mesocrática despois dos logros do primeiro terzo do século (propietarización campesiña e participación aceptablemente favorable nos mercados de produtos, de insumos e político), na que dominan as clases medias con orixe rural no último terzo. O longo proceso de conquista da propiedade deu lugar a ensaiar todo o repertorio de armas e instrumentos posibles, entre eles as *armas do feble*. É unha desculpa coherente cunha cultura vinculada co predominio campesiño e o dos seus mecanismos de resistencia e mobilización, entre eles, esas *armas do feble* das que nos fala James Scott, que permiten a loita cotiá e a resistencia e que poden rastrexarse na sociedade labrega dende o século XVIII ata os anos de 1930 e que aquí se van combinando coas armas do cidadán (forte) cando é posible (asociacionismo, cooperativismo, participación política). Considerarse

atrasados e presentarse como tal é unha magnífica arma do feble. Por outra parte, a forza da economía moral comunitaria labrega non fai desentoar a idea da pobreza que derivaría do atraso, ao contrario. Os atrasados non teñen riqueza que achegar, nin fisco co que sentirse obrigados, nin Administración que nutrir ou manexar. *Traballamos como escravos e non saímos da miseria, vannos matar de fame, van acabar con nós..* son as expresións que podemos escoitar hoxe nas mobilizacións de leiteiros subidos aos seus xigantescos tractores (aínda que leven tamén os vellos... que hai choferes para todos) e dos que só baixarán para subir aos seus audis.

Ese dominio campesiño contemporáneo pode que deixe pois a súa pegada para explicar a utilidade desta idea, pero aínda por riba as elites están dispostas historicamente a acreditar no atraso. E, por suposto, a imaxe consolidada de Galicia que non desentoa fóra é a dun país atrasado. Todos contentos. Para que levarlles a contraria? Sería de fatos.

A cuestión interior ten máis miga. De feito, pobre, labrego e galego confúndense perfectamente en Rosalía, a sensible e culta burguesa vilega que os olla e os ve dende fóra esforzándose por comprendelos coa mesma sintonía humana que move a Concepción Arenal a atender ás presas, ou aos socialistas utópicos —e aos outros— a preocuparse polos traballadores e as clases populares. Pero o que ten sentido na metade do século XIX, mentres K. Marx escribe *O Capital* no miserable Soho londiniense, teno menos nas lecturas que hoxe seguen a facerse de Rosalía e que reafirman a imaxe de miseria e emigración que ela recolle e contra a que ela se rebela. Aliada coas armas do débil engana aos seus eséxetas e hermeneutas século e medio máis tarde igual que os tataranetos daqueles labregos —que non pobres— que ela cantou e polos que escribiu. Moi poucas interpretacións de Rosalía, a parte da de Alex Alonso Nogueira, escapan da afirmación do tópico da pobreza e a maioría abundan na descontextualización presentista. *Mellor que nos vexan pobres e atrasados, así foinos mellor, roubáronnos menos e axudáronnos máis... e así seguimos, que ben nos compoñemos...* poderíase dicir que dicimos.

Por outra parte, sendo todo o atraso un problema do agro, ningún outro sector nin grupo social ten responsabilidade real na solución das denunciadas carencias e problemas industriais, culturais ou sociais contemporáneos de Galicia. Non hai que buscar máis as raíces dos problemas, todo pode ir buscarse ao mesmo pozo de todos os males, o pozo do atraso agrario. Nas cidades e nas vilas poden preocuparse de solucionar o problema agrario pois con este soluciónase o problema de Galicia enteira. Isto non deixa de ser compatible con que outras clases ou non existan, como a burguesía, ou dimitiran das súas obrigas como a fidalguía, ou sexan pequenas demais para protagonizaren ren, como a clase operaria.

### III. A idea do atraso

Ben sei que por aquí debería ter empezado pero non quixen adrede. A do atraso é unha idea contendor, que cada quen a enche e a formula de formas distintas sen acabar de cuestionala. Cada quen ten a súa interpretación e non quero discutir aquí as interpretacións sobre o atraso de Galicia senón cuestionar por enteiro a utilidade actual desa formulación. Dubido que o logre. A formulación convencional é máis ou menos como segue na versión de Xosé Manuel Beiras.

Galicia está atrasada historicamente, e no presente, polo peso na súa economía dunha agricultura anticuada, ineficiente e tradicional. Autoconsumo, minifundismo, escasa acumulación e bloqueo institucional caracterizan esa economía atrasada. A ausencia de progreso agrario pode verse no estancamento que denotan indicadores de produción, ocupación de man de obra por sectores, etc. A comparanza entre os datos de 1935 e os de 1955/1965 denotan a ausencia completa de mudanza.

A esa ausencia de cambio económico —a esa agricultura tradicional—<sup>3</sup> correspóndese unha sociedade tradicional composta de campesiños precapitalistas, cunha produción fora do mercado e ningunha capacidade de innovación técnica. Acompáñase o diagnóstico dunha magnífica descrición das condicións demográficas e económicas no que a realidade se converte no conxunto de problemas a superar para procurar o desenvolvemento. O cadro complétase cunha explicación sobre as condicións sociais e estruturais da incorporación (non incorporación) á modernidade/capitalismo: a ausencia dunha burguesía autóctona, expresada como raquitismo burgués e absentismo aristocrático, e a inserción colonial interior na estruturas do capitalismo industrial e financeiro español; *a actuación do sector moderno da economía galega sobre a precapitalista, constitúe a faciana galega do colonialismo interior*. Toda esta explicación global da Galicia atrasada, dende a ciencia social, preséntaa Beiras no limiar como un fenómeno contradictorio, pois por unha banda *é evidente: abonda ollar e ver* e demóstrase *cunha simple paseata polo país* ou consultando *os datos máis difundidos*. Pola outra *é ambiguo dadas as mutacións que están a producirse en Galicia... que disfrazan o feito radical do atraso*.<sup>4</sup>

A versión de Carlos Otero, máis sintética, ocúpase só da agricultura e fai menos concesións aos aspectos positivos da economía campesiña que, con fundamentación etnográfica, recolle Beiras. Engade, como argumentación central do atraso, o *illamento secular de Galicia* na dobre condición de illamento físico e económico-social. Coherente coa política da España en vías de desenvolvemento que promove os

3 García Fernández e outros autores afirmaron tamén dende a xeografía a mesma idea por entón. Ou Gonzalo Anaya Santos con *La depresión cultural gallega*, Galaxia, Vigo, 1970.

4 En cursiva tirado das primeiras páxinas de Xosé Manuel Beiras (1973): *O atraso económico de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1973.

accesos a Galicia e con certas tradicións académicas española (os Perpiñá Grau ou Velarde que daquela critica Ramón López Suevos en *Para unha visión crítica da economía galega* (Edicións do Ruedo, A Coruña, 1975). Tamén co *centralismo do Estado español que excluíu a Galicia das grandes empresas económicas nacionais*, empezando polo comercio colonial e derivado da industrialización. Por iso a economía galega quedou reducida nunha proporción abrumadora á actividade agraria. De aí derivaría o xenuíno e negativo ruralismo galaico, traducido na escisión no binomio campo-cidade. Complétase coa peculiaridade da dispersión da poboación labrega, o minifundismo (dispersión das parcelas), o culto á propiedade da terra, a descapitalización e o traballo gratuíto dos propios campesiños, complementaban o panorama: autoabastecemento, identidade co pasado, reduto de vida tradicional e certo fetichismo social. En suma, a economía rural é un mundo autárquico, vulnerable no mercado, do que recea igual que da división do traballo. En Galicia o mundo urbano é máis ben un subproduto do mundo rural que é o autóctono e o asimilado do exterior. A única solución é recorrer a medidas radicais dende punto de vista da produtividade e a dotación de infraestruturas para modernizar a vida rural.<sup>5</sup>

Todo este diagnóstico non agocha, porén, a comprensión dos dous autores polas condicións da agricultura que denominan tradicional e a cultura derivada que será eliminada dos seus interpretes e da vulgarización que destas versións de ambos os dous autores se ten feito. Os dous comparten tamén unha fundamentación histórica da súa análise que resulta central no seu diagnóstico, pois a misión histórica da modernización busca sempre superar un subdesenvolvemento demorado no tempo e de fondas raíces históricas..., así coinciden nas referencias aos ilustrados e ao fracaso de todas as reformas propostas historicamente, funíles históricos como a declaración de perpetuidade do foro, que logo foron argumentados por algúns historiadores da economía galega ao afirmar retrospectivamente o crecemento sen modernización ou o atraso tecnolóxico cumprindo no pasado as análises económicas do presente.<sup>6</sup> Tamén Otero Díaz emprega os mesmos referentes, facendo alusión a como o éxito agrario do XVIII, combinado cunha actividade artesá asociada, crea unha ampla clase media rural que fará florecer por dous longos séculos a vida rural de Galicia: *a autarquía dun mundo pechado en si mesmo*, nun *gran proceso estacionario en permanente equilibrio* que non entrou en crise ata os anos en que el escribe, cando a vida rural galega se encontra en franco deterioro e os que forman parte dela son un *residuo do pasado* que *se irá extinguindo e desaparecerá totalmente no próximo cuarto de século*.

Daquela, hai catro décadas, cando se formulou esta idea do atraso, o mundo rural tiña ese nome aínda, hoxe ficou reducido a medio rural. Dende hai séculos, o mun-

5 En cursiva do texto de Otero Díaz, op. cit.

6 Fernández Prieto, L. (ed.) (2000): *Terra e Progreso*, Xerais, Vigo; os traballos de Fausto Dopico ou o de Rodríguez Galdo, M.X. (1985): «La agricultura tradicional gallega. Crecimiento sin modernización», *Papeles de economía. Economía de las comunidades autónomas*, 3, pp. 145-171.

do rural (rústico) contraponse ao urbano (educado). Do mesmo xeito que o mundo agrario, se contrapón ao industrial, se o vemos dende o punto de vista da produción, dende a análise económica ou xeográfica das ciencias sociais recentes que estudan o agro como continente e a agricultura ou sector agrario e os seus diferentes subsectores como contido. A ruralidade, a aldea como identidade e cultura son estudados pola antropoloxía e os campesiños ou agricultores como sociedade dende a socioloxía. Todas estas ciencias sociais son, entre nós, maioritaria e substancialmente debedoras aínda da definición do atraso nas súas formulacións. Tamén a historia, en boa medida, que transitou dende a ideoloxía do progreso do XIX á da modernización para traer o progreso despois de 1945. Hoxe contamos con máis modelos e máis visións, entre outras a ambiental (e os seus conceptos de agroecosistema, coevolución sociedade-natureza, transicións socio-ecolóxicas, etc.) que permite integrar e comprender mellor algunhas das aproximacións comprensivas da realidade que tanto Beiras como Otero detectaban nos seus traballos pero ás que non lograbán dar coherencia. Unha coherencia imposible co triunfante paradigma da modernización.

O cambio anunciado produciuse exactamente na liña anunciada por Carlos Otero. O curioso é que, unha vez producido o cambio proposto, o diagnóstico dos «males» apenas se tivo mudanza ningunha.

#### **IV. Pode manterse hoxe o atraso como marco explicativo?**

O atraso, hoxe, resulta un mito paralizante que descoñece o pasado, o avance do coñecemento económico e historiográfico, e non responde a unha realidade que o nega. Pero, aínda así, subsiste.

Atinaron tanto no diagnóstico do atraso como para que o sigamos a mantelo como referencia? Atinaron, visto dende hoxe, no diagnóstico económico e no diagnóstico do pasado que implicaba? E o máis importante: segue vixente aquel diagnóstico para a Galicia de hoxe? Esta é a cuestión.

En canto ao diagnóstico sobre o proceso histórico e sobre as capacidades e incapacidades inscritas no pasado agrario, claramente non atinaron e dificilmente podían facelo: da Historia tiñan apenas unha mala memoria fragmentaria e ningún relato ben construído; fíxose despois de 1980 dende grupo de Historia Agraria Contemporánea da USC (HISTAGRA hoxe), empezando pola propiedade da terra en Galicia de Ramón Villares e seguindo pola propiedade comunal, a propietarización e o cambio tecnolóxico ata chegar á sociedade rural do franquismo e o estudo da agricultura galega antes chamada tradicional como unha agricultura orgánica intensiva sustentable. Terra e progreso volveron reconciliarse como nos aprenderan os agraristas de Teis en 1907. Para España o mesmo asunto do atraso foi tamén cuestionado, en 2001, rebatendo o atraso agrario como *pozo de todos os males* no libro do mesmo título.

O coñecemento desmente as interpretacións que deron do pasado as visións do atraso pois mesmo algunhas coñecidas e ben positivas fasquías eran interpretadas á luz do atraso como excepcións ou mesmo como anécdotas que non daban encaixado malia a seren ben coñecidas e ata admiradas: foran Gallástegui e os millos híbridos ou as investigacións xeoquímicas de Parga Pondal. Non dispuñan doutro relato de pasado nin o presente permitía explicalos máis que como outra frustración do pasado. Construíuse naquela altura, complementario á idea do atraso, un relato do pasado dende a economía, as novas ciencias sociais e o antifranquismo, sen historia nin memoria.

Mais o diagnóstico mantívose porque foi funcional e mesmo útil para as elites modernizadoras que fixeron a Transición. Tan útil que mesmo para autores críticos como Emilio Pérez Touriño que, décadas despois, prometeu unha segunda modernización cando estaba á fronte primeiro goberno da esquerda e o nacionalismo na Xunta de Galicia.

As ideas do atraso son hoxe un mantra repetido e inútil, por sorte cuestionado pola realidade e pola acción da sociedade, da economía e mesmo da política pero aínda que non está discutido globalmente polos que intentan pensar o país. Non obstante, foi repetidamente cuestionado. Cuestionado tamén politicamente, por exemplo, por Camilo Nogueira.

Diríase, ollando o presente, que os cuestionadores do atraso foron derrotados política e intelectualmente dada a pervivencia do mito pero iso é tan só un espellismo paradoxal. En todo caso, a idea do atraso, hoxe mito, non foi aínda sometida a unha crítica global nin arrumbada definitivamente. Vén sendo o momento.



# Cultura e identidade na aldea global

KIRSTY HOOPER

Universidade de Warwick



## I. Introducción

A misión que me foi encomendada para esta charla é facer unha reflexión concisa e directa sobre a dimensión cultural da posición de Galicia nun mundo cada vez máis globalizado. A cuestión de como ser axente cultural nunha era global é urxente, mentres experimentamos cambios rápidos e moitas veces desorientadores na produción, transmisión, recepción e mesmo no almacenamento de produtos culturais. Pero a desorientación tamén pode ser unha forza produtiva e, para un país pequeno como Galicia, con todas as limitacións e obstáculos do seu tamaño, a era global —coa súa irmá, a era de Internet— trae grandes oportunidades.

Este relatorio considera algunhas desas oportunidades. A súa visión pretende ser suxestiva e non prescriptiva, abrindo camiños para a discusión, en lugar de desactivalos. Inevitablemente, recorre á miña propia experiencia profesional como historiadora cultural educada no sistema universitario británico e operando agora dentro dos campos disciplinares interligados dos Estudos hispánicos e Estudos galegos —que non son, por suposto, os xemelgos idénticos das filoloxías hispánica e galega—. É máis: se o foco dos exemplos que presento nesta charla é sobre as conexións anglófonas e o século XIX, é a miña limitación, non a miña receita.

O título deste faladoiro priopón a cuestión: é Galicia, no contexto global, un país periférico? E a resposta, inevitablemente, debe ser que isto depende da perspecti-

va. O discurso cultural dominante no campo académico, como noutros lugares, ve Galicia a través do prisma do Estado español. En consecuencia, a súa posición na periferia atlántica da península, o seu carácter periférico xeográfico, tradúcese en periferia cultural e política. A ecuación de periferia xeográfica con periferia cultural non é nada novo, e unha das principais consecuencias desta no campo cultural foi unha énfase no territorio. Tanto no imaxinario cultural de Galicia como no de España, isto converteuse nunha fascinación coa terra, en parte porque a forza centrípeta de Madrid vira os ollos cara a dentro, cara ao que se constrúe como centro.

Nesta charla quero considerar as implicacións de virar os ollos para fóra, lonxe da terra, para concentrarse no océano como fonte alternativa de historia cultural, na que os «pequenos lugares» poden desempeñar un papel desproporcionalmente grande. Benita Sampedro observa no seu ensaio *Engaging the Atlantic* que «unha das características máis salientables da cartografía atlántica... é a atención sen precedentes que os pequenos lugares probaron capaces de atraer». E está claro que o que une moitos destes lugares «pequenos» da costa atlántica é que non permanecen así por moito tempo. Durante a segunda metade do século XIX o desenvolvemento das tecnoloxías marítimas como o navío a vapor, combinado coa expansión masiva da emigración de Europa para as Américas, creou unha rede de cidades e vilas portuarias no litoral atlántico, con rápida expansión de infraestruturas marítimas e industriais e con poboacións cada vez máis móbiles e cosmopolitas. E entre estas cidades atlánticas, por suposto, estaban A Coruña, Ferrol e Vigo, todas inextricablemente conectadas co océano.

## II. A «virada oceánica» nos estudos culturais

Este é un momento oportuno para considerar o océano. Comezando co lanzamento do proxecto de Duke University, «Oceans Connect», en 1999, os significados culturais dos mares e océanos ao longo do tempo e do espazo tornáronse en obxecto de escrutinio por estudosos dos campos da literatura, da historia e da xeografía. Hoxe, a aproximación «oceánica» preséntase como unha alternativa real ás estruturas caducadas das Humanidades. O seu argumento central é: reinscribir a grande extensión en branco e atemporal do océano en tempo e espazo, significa captar os inconstantes significados culturais que se asocian co océano en diferentes tempos e espazos. Segundo argumenta o profesor Steve Mentz, especialista na Inglaterra do Renacemento, tal proxecto urxe o re-aprendemento ou, senón, a reconstrución da linguaxe e o coñecemento do mar que antes foron habituais na cultura occidental pero agora están perdidos para nós. Á relevancia deste proxecto para o contexto galego súmense as palabras de Francisco Fernández Rei: «Galicia ten moita costa, pero na cultura, na literatura e na lexicografía galega hai relativamente pouco mar».



Nesta charla, propoño explorar algunhas das implicacións deste proxecto para as paisaxes imaxinadas de Galicia. Parto da convicción de que, segundo nos lembra David Lambert, «se os océanos se narran de xeito diferente en diferentes lugares e épocas», dende logo as narrativas oceánicas de Galicia, en todos os lugares e de todas as épocas, deben ter algo diferente e innovador para traer á mesa. Quero considerar ata que punto unha perspectiva «oceánica» pode contribuír á reorganización e revalidación do imaxinario xeopoético galego —é dicir, ata que punto pode ser útil complementar os debates habituais sobre a intersección da xeografía, da estética e da historia en Galicia co concepto menos habitual dun imaxinario hidropoético que destaca a intersección paralela de auga, estética, e historia—. Noutras palabras, que pasa se viramos a mirada da historia cultural de Galicia para fóra, cara ao océano?

No contexto ibérico o que se chama o *oceanic turn*, ou «virada oceánica», ten un potencial tanto literal como litoral. Como nos recorda David Lambert, asumir unha perspectiva oceánica pode ser unha estratexia radicalmente descentralizadora (para non mencionar poscolonizadora) que pon á marxe as narrativas dominantes centradas no Estado nación. En España, cabe dicir que a relación centro-periferia é fundamental en moitos niveis. As pluraís historias culturais de España foron en gran parte construídas sobre un modelo xeocultural en que a confluencia de xeografía con poder e imaxinación fai incontestable a posición central de Madrid. Aínda que España ten máis de tres mil millas de litoral, a imaxinación xeopoética en España foi dominada pola terra, simbolizada na paisaxe seca dos campos de Castela de Antonio Machado. Este modelo centro-periferia, ancorado á terra, transforma a mirada das comunidades da periferia xeográfica de España —entre eles, Cataluña, Galicia e Euskadi— perpetuamente cara dentro, en dirección ás chairas de Castela. En consecuencia, os dominantes modelos xeoculturais destas comunidades adoitan quedar indiferentes ao océano, ás súas costas, en favor da terra, concibida como o berce da nación: *la terra, a terra, lur, la tierra*. Segundo argumentou Joseba Gabilondo, a procura da «normalización cultural» no modelo de Madrid por calquera das outras comunidades de España, inevitablemente, marca dita comunidade, non só xeograficamente senón tamén culturalmente e politicamente, como periférica dentro da orde simbólica do Estado español. En consecuencia, segundo o crítico vasco, o proceso de «normalización» está chamado ao fracaso e, como vimos tantas veces no caso de Galicia, a historia cultural está marcada por metáforas de atraso, illamento e perda.

Pero que transformacións son posibles se nos achegamos ás chamadas comunidades periféricas dende a perspectiva dos seus mares, portos e zonas litorais, en vez do da meseta castelá? Os investigadores da historia cultural podemos aprender moito co traballo dos historiadores de Galicia contemporánea que xa comezaron a loitar contra a visión predominante do atraso histórico de Galicia, recuperando o que Lourenzo Fernández Prieto chama o «singular complexo marítimo de Galicia... unha industrialización atlántica ligada aos portos de Vigo e Ferrol». Esta recupera-

ción ten implicacións importantes, pois a composición xeográfica de Iberia significa que as cidades portuarias que se estaban asentado no corazón das redes transoceánicas do século XIX que unían a España ao seu imperio e ao resto do mundo, sitúanse, case sen excepción, en rexións onde o centro de poder en Madrid estaba distante tanto en termos culturais e políticos como xeográficos: non só Vigo e A Coruña, tamén Bilbao, As Palmas, Santa Cruz de Tenerife, Manila e A Habana.

É certo, tamén, que a súa posición na costa atlántica (ou ben, no caso de Manila, no Pacífico) lles distancia da segunda urbe de España, Barcelona, e o seu centro de poder no Mediterráneo, distancia que resoa ata hoxe na sospeita demostrada por prominentes profesores catalanistas cara á proposición atlántica dentro dos estudos hispánicos. Pero para Galicia, o crecente interese académico en estudos oceánicos, evidenciado no gran número de conferencias académicas e publicacións dedicadas ao *Hispanic Atlantic* ou *Hispanic Transatlantic Studies* debe ser considerado unha oportunidade importante para reclamar un papel máis central para Galicia, a súa cultura e historia, dentro das academias de lingua inglesa e castelá.

Unha resposta a esta proposta pode ser que a historia cultural de Galicia xa está enfocada no océano a través do seu forte interese na emigración. Pero esta non é a mesma cousa. Os estudos culturais da emigración son importantes e demostran como a cultura e lingua galegas viaxaron co pobo galego por todo o mundo e sobre todo ao Caribe e ás Américas. Pero en moitos casos, o océano en si queda invisible dentro do enfoque na dialéctica imperante de «aquí» e «aló».

Así que, mentres o océano ten un papel cada vez máis importante en estudos históricos sobre Galicia, o traballo cultural aínda queda atrás. Fernández Rei dixo ben ao identificar a ausencia do mar na cultura, na literatura e na lexicografía galega. É unha tarefa urxente para os estudos culturais capturar as resonancias culturais do «singular complexo marítimo» do que fala o profesor Fernández Prieto. Isto significa comprender as distintas caras do océano e os seus puntos de contacto coa terra —portos, praias, costas, illas, vías marítimas— e reaprender como recoñecer os trazos que estes contactos deixaron no seu rastro, tanto na propia Galicia e na cultura e lingua galega como noutras linguas, culturas e comunidades. Significa, tamén, imaxinar a historia cultural de Galicia nun novo contexto relacional, que é moi diferente dun contexto comparativo, en vez de considerar as historias de, digamos, Vigo e Liverpool como entidades separadas a seren comparadas, priviléxiase as conexións entre eles, para construír unha nova historia a modo do que Eliga Gould (referíndose ao Atlántico do século XVIII) chama a «historia enredada».

Para este fin, considero, dous casos sacados da miña propia investigación que agardo poden iluminar as cuestións en xogo. O primeiro considera o sitio retórico de océano e costa no imaxinario cultural galego durante o século XIX. O segundo pon a análise ao revés, ao considerar Galicia non como un punto de saída da emigración, senón como un punto de contacto e entrada.

### III. Exemplos

#### 1. Rosalía de Castro

Calquera conta do imaxinario xeopoético de Galicia debe iniciarse con Rosalía de Castro, de modo que é con ela que a miña xenealoxía dun paralelo imaxinario hidropoético tamén comeza. Durante case un século e medio, o tratamento da paisaxe e da natureza de Galicia foi o tema dominante en lecturas académicas do seu traballo; é só máis recentemente os críticos comezaron a entender o significado político destas representacións seminais de atributos físicos de Galicia que, como observa María López Sánchez, «son vistos [...] como inócuos, simplemente decorativos, típicos dunha sensibilidade feminina».

Cal é a función retórica do mar para Castro, e como é representado na súa escrita? A verdade é: non con moita frecuencia. É certo que a apertura de *La hija del mar*, publicado en 1859, empeza dramaticamente cando Teresa, a homónima filla do mar, estoura do océano para quedar deitada na praia. Pero este mar é prole do océano romántico, intocado pola historia ou a xeografía e carente dun vocabulario ou imaxinario propio. Tamén en *Cantares gallegos*, mentres que os emigrantes de Castro contemplan a súa viaxe a través do mar, o mar en si está case ausente. Se lemos a representación de paisaxes de Galicia con López Sánchez, como un acto político, entón esta ausencia asume un maior significado. A famosa enumeración da paisaxe na voz dun emigrante partido —«Adeus, ríos, Adeus, fontes, adeus, regatos pequenos»— privilexia a auga, pero é unha auga local, caseira, dominable. É só ao final do poema que aprendemos que o emigrante fala dende a costa «n'a beiriña do mar», pero non pode concibir o mar senón como un lugar para morrer: ou sexa, que non ten significado propio, somentes unha falta de sentido. Do mesmo xeito, en «As viudas de vivos e as viudas dos mortos», o último libro de *Follas Novas*, os emigrantes pronuncian un adeus ás características concretas da paisaxe que podemos ler, con López Sánchez, como unha declaración política de familiaridade: o outeiro, un carballo, unha fonte... Desde esta perspectiva, enraizada no particular, nas coordenadas habituais da casa, o futuro descoñecido da emigración adquire o horror do baleiro: «¡Van deixala patria...! / ... / ¡Ai!, ¡ i adiante esta o abismo...!»

#### 2. Escritores emigrantes do século XIX

A imaxe do mar como abismo domina a literatura emigrante do século XIX. Se a propia Castro nunca se aventura a través do océano cara ao abismo, moitos escritores xurdiron durante a segunda metade do século XIX e primeira metade

do século XX que o viran por si mesmos. As páxinas de revistas galegas como *Ilustración Gallega* e *Revista Gallega*, como as moitas revistas creadas por comunidades de emigrantes en Cuba, Arxentina e Uruguai, levan moitos exemplos. Aínda que moitas destas breves obras adoptan o vocabulario de Castro e ecoan as súas coordenadas, cantando o campo galego, outros tentan imaxinar o outro lado do abismo. Así, por exemplo, en 1897 o poema de Valentín Lamas Carvajal, «Coitas d'un Emigrante», cuxo protagonista, en Montevideo, pescuda o horizonte para Galicia: «e viu o mar, o ceo, e nada máis», como se a súa patria fose engulida no horizonte. Un estudo das representacións de emigración en revistas de emigrantes da fin do século XIX, por un estudante de doutoramento na miña universidade, demostra que este proceso é tan antigo como a propia emigración. Os contos e poemas que narran a experiencia de emigración e que foron publicados en *El Eco* de Galicia ou *El Gallego*, a finais do século XIX, recorren case sempre a imaxes de baleiro e morte para representar o mar.

### 3. Gabriel Castro Arias

Esta primeira xenealoxía revela unha imaxinación hidropoética imaxinada na sombra da paisaxe familiar de ríos, fontes, regatos e terra. O foco de Castro sobre a terra non é sorprendente, xa que, como a maioría dos seus contemporáneos, era do interior e do norte do país e escribiu do que sabía. Pero e se as cousas fosen diferentes? E se un repertorio xeopoético diferente creara raíces no medio do século XIX, en que a costa de Galicia non era a porta de entrada a un abismo terrible, senón un océano cheo de actividades e de afluencia de significado, do mesmo xeito como é a paisaxe de Castro?

De feito, tal modelo existe pero, a diferenza da poesía de Castro, é esquecido, escondido no fondo do arquivo. En xuño de 1861, dous anos antes da publicación dos *Cantares Gallegos* de Castro, un escritor galego chamado (ironicamente) Gabriel Castro Arias publicou un artigo, na revista *A Galicia Semanal. Revista Universal de este Reino*, titulado «Xeografía. Perímetro de Galicia». Na súa fusión poderosa de mar e terra, xeografía e historia, remodela unha visión da costa de Galicia e do mar que é inherentemente situado nun tempo e espazo galegos concretos, pero que mira para fóra, para o mundo.

O artigo ten unha forte base no determinismo xeográfico romántico e no provincialismo de Galicia (no sentido político, non despectivo). Castro Arias afirma que o acceso de Galicia para o mar debe poñer ao país na vangarda da civilización, invocando as súas conexións con (pero teña en conta, non a súa implicación en) os proxectos imperiais británico e hispánico:

Tal es nuestra posición en el globo que pudiéramos decir por ella, que la mar nos pertenece, y la mar es el vehículo de la civilización. Por la mar estamos unidos a las Naciones europeas hasta las regiones polares, en relaciones directas con la opulenta Albión y en comunicación directa con el nuevo mundo, cuyas bienhechoras influencias primero que otro alguno hemos sentido.

O seu proxecto é, por tanto, recuperar a integridade territorial e marítima do antigo Reino de Galicia, argumentando que é só cando os dous estean totalmente integrados que o país poderá cumprir o seu destino como «digna señora de los océanos y rica proveedora del interior». O seu método, como o título suxire, é trazar o perímetro do país, o que fai en cinco «liñas» (tres costeiras, dous interiores), cun estudo separado das illas.

O que é interesante nas súas descrições detalladas é a tensión entre o desexo evidente de Castro Arias para producir un obxectivo e científico caso para o perímetro de Galicia, e a erupción ocasional de observacións históricas ou culturais que inscriben os espazos xeográficos con significado. Por exemplo, describe a irrupción de almirante Pulney e os seus 10.000 ingleses na praia en Doniños, o «gran pintoresco» da ferverza preto de Corcubión; «el mitológico y célebre monte Pindo» ou as «operaciones de la pesca tan abundante y variada» que «tanto contribuyó a la riqueza y a la industria de nuestra patria». Concluindo a primeira entrega do artigo, destaca que os lugares individuais que enumerou —e así, por extensión, a Galicia tamén— gañan o seu significado a partir do seu papel nas redes globais do océano:

Todos estos puntos no solo son los mas notables de la costa, en donde se estrellan los vientos del N y las corrientes ecuatoriales del Atlántico, sino que también sirven de guía para los grandes rumbos de la navegación entre el antiguo y nuevo continente (261).

Esta análise dos dous Castros podería funcionar como un primeiro capítulo nunha hipotética historia cultural do océano galego. Os capítulos seguintes ocuparíanse de textos coñecidos, como *De Catro a Catro*, ou de novos compromisos co océano como *Extramunde* de Xavier Queipo. Pero o océano galego non é só a propiedade de galegos. O papel de Galicia como un núcleo marítimo, un punto de tránsito e de intercambio, fai de Galicia non só un punto de partida, senón tamén un destino para persoas que veñen doutros lugares.

#### IV. O turismo de comezos do século XX

Para tornar agora ao segundo caso, a miña investigación da conexión Liverpool-Vigo lanzou un exemplo fascinante, na relación da liña de vapores Booth, con base en Liverpool, cunha vertente menos coñecida do proxecto rexionalista galego de comezos do século XX. A conexión anglo é un aspecto importante da historia de Galicia neste momento que é frecuentemente ocluído pola relación contrapontística co resto de España e con América Latina, pero como o proxecto demostrou, trouxo posibilidades reais de formas alternativas de imaxinar a relación de Galicia co mundo. Un estudio pormenorizado da relación Liverpool-Vigo demostra como un século atrás, Vigo foi promovida non como un destino remoto, illado, na fin do mundo, senón como un núcleo marítimo e industrial desde o que mirar para o exterior, un centro de intercambio, un nó en múltiples redes comerciais e culturais.

Durante cinco anos, entre 1909 e 1914, un proxecto de turismo pioneiro foi posto en movemento por un grupo de empresarios rexionalistas de Vigo, incluíndo Enrique Peinador, propietario do balneario de Mondariz, e a Federico Barreras Massó, un dos principais conserveiros de sardiña. Traballando con Sir Alfred Allen Booth, propietario da Liña Booth, e con Major Martin Hume, un historiador británico e membro correspondente da Real Academia Galega, conseguiron traer centos de turistas británicos á Galicia e, concretamente, a Vigo e ao Sur, que tradicionalmente tivo un lugar moito menos destacado no imaxinario cultural de Galicia que Santiago e o Norte.

O proxecto creou resonancias culturais que circularon e seguen a circular a través de decenas de artigos, libros e pinturas que proxectaban para os lectores anglófonos unha visión dunha Galicia globalmente conectada e, por riba de todo, como unha próspera nación marítima. A Liña Booth foi pioneira na publicidade multimedia e na elaboración de cartillas coloristas, folletos e anuncios que circularon por todo o Reino Unido. Autores, xornalistas e artistas foron contratados para visitar Galicia e producir unha crónica escrita ou debuxada das súas experiencias. Grazas á Catherine Gasquoine Hartley, ao seu marido Walter Gallichan, ao escritor Walter Wood e ao artista Frank Henry Mason, entre outros, Galicia, por vez primeira, tiña un vocabulario visual e retórica propia no imaxinario británico.

Un legado importante do proxecto foi a súa preocupación polo patrimonio común de Galicia e Gran Bretaña. Ademais de levar os turistas a importantes sitios patrimoniais galegos, como Santiago de Compostela, os organizadores trasladaron os visitantes a sitios onde os trazos —tanto tanxibles como intanxibles— das «historias entrelazadas» de Galicia e Gran Bretaña aínda podían ser vistos: a tumba de Sir John Moore na Coruña, o West Galicia Railway, os estaleiros de Ferrol, a illa da Toxa, a ría de Arousa... Para estes turistas, que chegaron a bordo dos grandes barcos modernos da Liña Booth e desembarcaron directamente no corazón de Vigo, Gali-

cia foi intrinsecamente conectada co mundo exterior cun portal global saturado de asociacións marítimas.

Este ambicioso proxecto tivo como obxectivo proxectar unha nova xeografía imaxinada de Galicia centrada en Vigo e no Sur como emblemas dunha nación moderna e progresista, que foi deixando atrás o mundo latino en favor de desenvolver as súas estreitas relacións históricas, comerciais e culturais co mundo anglosaxón. E case o conseguiron, ata a eclosión da I Guerra Mundial, que trouxo a experiencia a unha fin prematura. Pero ofrece, creo, un modelo para outra forma de pensar sobre a historia e patrimonio cultural, nunha aldea global construída non sobre a separación, senón sobre a relación.

## V. Conclusións

Nesta charla, tentei dar a coñecer o potencial de Galicia como un excelente punto de partida para unha reflexión sobre as implicacións de transformar a mirada da historia cultural ibérica para fóra, en dirección ao océano. Madrid apenas toca as rutas, corpos, ideas e obxectos que compoñen estas redes e Barcelona tamén queda fóra. Pola contra, a centralidade das chamadas rexións «periféricas» como Galicia, Euskadi, Filipinas e mesmo —para alén do mundo hispánico— Liverpool pon en cuestión a lóxica dominante dunha práctica académica cuxo centro xeográfico e intelectual parece irremediabilmente ligada á do Estado español. Tamén quería considerar como unha comprensión máis profunda das conexións entre a auga, a estética e a historia —o que chamei «hidropoética»— na produción cultural galega do século XIX podería non só proporcionar unha alternativa ao habitual imaxinario xeopoético, senón tamén axudarnos a descubrir un perdido «futuro posible» en que o lugar de Galicia no mundo e na vangarda da civilización global está indisolublemente ligado cos significados espaciais, temporais e culturais inscritos nas súas augas, praias, portos e océanos.







# Unha reflexión sobre a modernización económica de Galicia en perspectiva longa

XAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA  
IDEGA - USC



## I. Introducción

O ensaio socioeconómico de factura galega máis influente nas últimas décadas foi *O atraso económico de Galicia* de Xosé Manuel Beiras Torrado (1973). Galicia víase a si mesma como un espazo atrasado. E Beiras reflectiu esa visión, inseríndoa nun proceso histórico de longo alcance.


Mais cómpre preguntarse se esa conciencia facía xustiza á realidade. E, sobre todo, se segue sendo fiel á mesma, pois os cambios nas últimas décadas teñen sido substanciais: a de Galicia foi unha historia de éxito, dentro doutra feliz, como é a española do último medio século.

### 1. Breve ollada ao proceso de converxencia en renda por habitante

1. A converxencia coa media española é substancial (a renda por habitante actual está por riba do 90% da española). Neste medio século quintuplicamos en termos reais a Renda ou PIB per cápita (PIB pc) e conseguimos recuperar terreo respecto a unha economía como a española que, a súa vez, avanzou decididamente posicións en relación con grandes países europeos.

2. O PIB pc é o resultado do produto da produtividade aparente do traballo pola taxa de ocupación. En conxunto, a converxencia foi intensiva, produciuse grazas á aproximación da produtividade do traballo á media española.
3. O camiño non foi lineal. Diferenciándose dúas fases, en función do comportamento da produtividade do traballo.

**Gráfico 1**  
**Algunhas variables relevantes en perspectiva longa**



Fonte: Elaboración propia a partir de RNEDP, diversos anos; CRE, diversos anos.

a) Desde finais dos anos 50 a mediados dos 70: o atraso e o bloqueo, consecuencia da hipertrofia do sector agrario.

Neste primeiro período a produtividade relativa estancase debido, sobre todo, á inercia do sector primario. A man de obra que retornara á terra no primeiro franquismo (hai máis ocupados agrarios en 1950 que en 1930) agocha un forte subemprego que, ademais de dificultar a evolución da produtividade, limita o crecemento do mercado interno e, por tanto, dificulta a expansión industrial e terciaria, agás nas industrias de exportación, que se benefician do intenso pulo das áreas adiantadas dun mercado español protexido. Ademais, favorece a emigración externa dos mozos, que non poden incorporarse a un sector agrario con exceso de man de obra nin a un sector urbano de tímida expansión.

Este exceso de man de obra continuará pesando sobre o nivel de eficiencia ata ben entrada a década dos 70. En 1970 o número de ocupados agrarios é aínda maior que en 1930. Os que se incorporan á terra despois da Guerra Civil seguirán ata a xubilación.

O sector agrario, o de menor produtividade relativa do traballo, é o que presenta un índice de especialización máis alto no contexto español. Esta situación só é explicable cun nivel de renda agraria por persoa moi baixo. O exceso de ocupados (o índice ocupados/poboación era considerablemente superior ao español xa en 1955 e medrou ata mediados dos anos 70) era a outra cara desta situación.

A insistencia do *Atraso económico de Galicia* no bloqueo das forzas produtivas e na incapacidade para transformar a agricultura semella contar con algún referendo empírico nestas décadas iniciais do crecemento económico español. Mais o bloqueo estaba dentro: na inercia dos pequenos propietarios capaces de soportar un baixo nivel de vida, o que contraía o mercado español, limitando a modernización do conxunto.

b) De mediados dos anos 70 en diante: converxencia intensiva sen polarización española.

Na segunda fase tenden a converxer coa media española tanto a taxa de ocupación como a produtividade do traballo. O que permite recuperar un 60% da diferenza inicial en renda por habitante con España. Este movemento cara á converxencia non foi continuo e tivo lugar en tres momentos: a finais dos anos 70, durante a década dos 90 e na primeira década deste século.


Aproxímanse tamén as produtividades sectoriais. Normalizámonos, cun crecemento máis intensivo e modernizador que en España ata chegar a un nivel de vida situado na media española (e da Unión Europea), pois á renda primaria cómpre incorporar os fluxos públicos netos.

## 2. Hai unha continuada polarización da economía española?

Nunha primeira e longa fase, a polarización do crecemento en España é unha evidencia: as economías máis ricas gañan peso económico e demográfico (máis este que aquel). As oportunidades de crecemento e modernización son conducidas polas áreas industriais máis dinámicas: actúan mecanismos acumulativos que favorecen o crecemento dos núcleos iniciais, afondándose na división do traballo previa e, polo tanto, reproducindo o papel das áreas atrasadas como subministradores de produtos do sector primario e man de obra —que segue aos investimentos: o sector financeiro canaliza a

capacidade de aforro tamén de xeito polarizado— aínda que a ampliación dos mercados urbanos produce oportunidades de modernización nas rexións atrasadas.

**Gráfico 2.**  
**O peso das economías rexionais adiantadas\* sobre o conxunto español**




\* Adiantadas: Aragón, Asturias, Baleares, Cantabria, Cataluña, Comunidades Valenciana, Madrid, Navarra, País Vasco, La Rioja.

Fonte: Elaboración propia a partir de RNEDP, diversos anos; CRE, diversos anos.

A polarización detense ao tempo que a converxencia: desde mediados dos anos 70 o peso das economías máis ricas no conxunto amosa unha lixeira tendencia descendente, ao tempo que os desprazamentos internos de man de obra perden relevancia en termos netos, nun proceso que aínda hoxe está lonxe de ser ben comprendido polos científicos sociais. Sen que todo sexa para mal, Galicia perde peso económico pero aínda máis demográfico, o que lle permite converxer.

**Gráfico 3**  
**Galicia sobre España en poboación e valor engadido bruto (1955-2011)**



Fonte: Elaboración propia a partir de RNEDP, diversos anos; CRE, diversos anos.

A literatura dominante nos anos 70 postulaba a imposibilidade de que ese fenómeno de converxencia tan acusado ocorrese. Tanto pola operación dos mecanismos de mercado como polo marco institucional e as políticas públicas que se aplicaban. De facto, ambos constituían un sistema interconectado, que se reforzaba, de colonialismo «interior» ou sen apelidos (Xosé Manuel Beiras, Ramón López Suevos e outros defendían estas posicións).

A polarización da actividade económica a causa da acción do mercado tomábase como un dato da realidade. A tendencia inelutábel á centralización da produción e a poboación no territorio, ao bloqueo das forzas produtivas e polo tanto á reprodución ampliada das condicións de atraso era unha aplicación á análise territorial apenas disimulada da *vulgata* marxista sobre a pauperización progresiva.

Nada disto sucedeu. E temos que intentar entender o por que.

## II. Atraso e mecanismos de mercado

De entre os mecanismos que teñen favorecido a converxencia no nivel de renda por habitante e produtividade do traballo destacamos dous: o axuste demográfico e a reestruturación sectorial.

Por último, discutiremos como avaliamos a nosa pertenza a un espazo español integrado e, posteriormente, a incorporación a unha unidade superior, a Unión Europea.

### 1. O axuste demográfico e a converxencia

O axuste demográfico explica a metade, aproximadamente, da converxencia en renda por habitante. Perdemos tamaño económico en perspectiva longa pero converxemos porque adelgazamos máis en poboación (un 34%). O axuste demográfico ten dous compoñentes. Ata finais do século XX predomina o compoñente migratorio. O compoñente vexetativo negativo faise progresivamente dominante. A poboación pode medrar un pouco ou cae, pero sempre con menor dinamismo que no do conxunto español.


**Cadro 1**  
**Compoñentes do axuste demográfico en Galicia (1975-2009)**

	Saldo Real	Saldo vexetativo	Saldo migratorio
<b>1975-86</b>	95.149	135.631	-40.482
<b>1987-1998</b>	-119.928	-74.102	-45.826
<b>1999-2009</b>	71.545	-93.804	165.349
<b>Total</b>	46.766	-32.275	79.041

Fonte: IGE, Elaboración propia

Os saldos migratorios agregados, de limitado porte, agochan unha maior proporción de adultos maiores ou xubilados nas entradas e un predominio nas saídas dos adultos mozos. A partir de 1999 domina a entrada de inmigrantes estranxeiros —aínda que Galicia capta unha parte cativa do total español—.

**Gráfico 4**  
**Índice conxuntural de fecundidade. Galicia (1975-2011)**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

A fecundidade cae desde as proximidades do nivel de reempazo xeracional ata limiares insólitos (rozando, por riba ou por baixo, 1 fillo por muller). A esperanza de vida, pola contra, aumenta sensiblemente. A partir de 1985 o saldo vexetativo convértese en negativo. Nin a existencia dunha longa fase de crecemento económico de extrema viveza (1999-2009), altamente demandante de traballo, conseguirá crebar este resultado.

En suma, entramos nun novo réxime demográfico caracterizado por unha moi baixa fecundidade, unha elevada esperanza de vida e un saldo exterior reducido.


A emigración tivo moi mala fama, na literatura e na ensaística. Paz Andrade ou Beiras, pese ás súas diferenzas significativas, concibían a emigración como un drama persoal, un síntoma inequívoco de atraso e un atranco serio para un desenvolvemento sostible de Galicia. Hoxe en día, sucede algo similar coa moi baixa fecundidade. Os apelativos de drama, catástrofe ou suicidio demográfico son comúns nos achegamentos ao fenómeno.

E no entanto, a emigración aliviou a presión sobre os recursos e permitiu elevar a renda dispoñible grazas ás remesas —nalgún momento supuxeron ao redor do 25% da renda da provincia de Ourense—, con efectos positivos sobre a demanda interna e

o investimento en capital humano. Era un drama humano e un síntoma de desaxuste fondo e incapacidade económica pero tamén un elemento sobranceiro de modernización —ao igual que sucede hoxe en tantos países—.

Temémonos que coa baixa fecundidade sucede algo similar: reduce a razón de dependentes sobre ocupados e facilita un maior capital (humano, físico, natural) por ocupado ou persoa. Alguén está en condicións de adiantar un cálculo serio sobre o nivel óptimo de poboación para Galicia? Os negros augurios sobre a sustentabilidade do sistema de protección social esquecen que só os ocupados contribúen e que a baixa fecundidade reduce o número de dependentes totais.

**Gráfico 5**  
**Cambio no VAB PC e saldo migratorio exterior acumulado.**  
**Comunidades autónomas (1999-2009)**



Fonte: Fernández Leiceaga, Lago Peñas e Sánchez, 2014.

Constituíu a moi baixa fecundidade un impedimento maior para o progreso e o estancamento demográfico dos últimos 40 anos en Galicia? Na última fase de crecemento acelerado en España coincidiu no plano territorial que, naquelas rexións nasque a inmigración foi mais intensa, a expansión económica foi tamén máis acusada, pero con menor elasticidade, o que levou a un menor crecemento do produto por habitante xustamente nestas áreas. As rexións menos receptoras de inmigrantes viron medrar os seus resultados económicos por habitante a unha taxa superior ás outras.



## 2. A desagrarización, unha das claves da modernización

Un dos parágrafos máis coñecidos da obra central do Castelao ensaísta é aquel no que define a Galicia como un país precapitalista e campesiño; trinta anos máis tarde Beiras (1967, 1973) falará aínda de sociedade precapitalista campesiña, definida como unha agricultura de subsistencia que procura a autosuficiencia, cunha técnica escasamente progresiva, escasos contactos co mercado e ausencia de criterios empresariais.

A recuada de técnicas ligada á reruralización da poboación e ás dificultades de capitalización durante a Autarquía impedían ver que a agricultura galega estaba abríndose ao mercado, elevando a súa produtividade en termos físicos e por unidade de traballo, e conectándose intensa e firmemente cos circuitos de produción e consumo urbanos (Colino Sueiras e Pérez Touriño; Fernández Prieto).

Os elementos que Beiras anotaba como positivos ou fecundos revelábanse inseribles como base para o desenvolvemento rural: integración agrícola-gandeira, institucións comunitarias, sociedade integrada. O crecemento pasou pola especialización produtiva, polo protagonismo dos campesiños individuais —aínda que con experiencias cooperativas exitosas—; pola diferenciación social acusada, pola capitalización, incluso en exceso, das explotacións, pola simbiose social entre o rural e o urbano.

Outras aproximacións ao mundo rural eran aínda máis fantasiosas. O atraso rural procedería dunha incapacidade conxénita á transformación que se apoiaría en trazos psicolóxicos da mentalidade campesiña. O apego irracional á propiedade dificultaría a construción de explotacións cunha base física adecuada; a prevaenza de hábitos ben marcados frearía a flexibilidade precisa para a adaptación aos avatares da demanda así como a introdución de métodos técnicos que permitisen incrementar a produtividade.

En realidade, a capacidade de adaptación dos agricultores galegos foi enorme, tanto nas eleccións técnicas como na orientación produtiva, conforme se modificaban os incentivos externos. A especialización, a integración plena no mercado, o desenvolvemento de novas estruturas de comercialización, etc., configuran un panorama de dinamismo e flexibilidade. O sector do viño é un vivo exemplo do que dicimos.

A agricultura galega xa non pode ser cualificada, sequera metaforicamente, de precapitalista; a súa integración no mercado global está consumada, con niveis de produtividade elevados e unha fortísima capitalización. Hoxe hai empresarios agrarios que producen para un mercado global. Galicia tampouco é xa un país agrario, nin do punto de vista da produción (xera máis valor acrecentado o turismo que a agricultura) nin do emprego. Ambos tópicos deben ser desterrados para practicar unha ollada franca e proveitosa sobre a agricultura. Pois a eliminación dese sobrepeso humano soportado fixo emerxer algúns paradoxos e dificultades ben reais: por exemplo, as explotacións agrarias amosan un problema de dimensión (superficie agraria útil, cabezas de

gando) ao tempo que existen miles de hectáreas de terras abandonadas, producindo combustible para os incendios estivais; por exemplo, existe unha crecente atención á produción forestal mentres que aumenta o déficit comercial exterior de madeira; por exemplo, a especialización láctea bate coa redefinición da política agraria común, sen que unha vigorosa acción no plano institucional permita ampliar o campo de xogo.


A desagrarización foi un proceso acelerado: no momento en que comeza a xubilarse a xeración incorporada na posguerra ao agro, descubrimos que a seguinte emigrara e os netos estudaran. En poucos anos baleirouse o agro. A produtividade por ocupado avanzou. A xeografía agraria fíxose mais desigual con áreas compactas orientadas a certas producións (leite, carne, viño, hortalizas,...) e amplas extensións desorganizadas e fragmentadas, onde nin os impulsos do mercado nin os da acción pública teñen provocado aínda unha transformación eficaz. Pero, hoxe, os retos non están no sector agrario, están nas fases seguintes: na transformación e na comercialización.

### 3. A condición rexional e a especialización produtiva

Sermos unha rexión española e logo europea supuxo unha oportunidade única para a nosa modernización. Calquera economía rexional de dimensión limitada está máis especializada e debe ser moi aberta para ser eficiente. A idea da autosuficiencia carece de sentido. Integrámonos no mercado español en función das especializacións tradicionais (produtos da gandería e do monte, da pesca, conservas, enerxía eléctrica), incorporando producións industriais nos transformados metálicos (naval ou automóbil, entre outros). Logo fixémoslo no ámbito europeo, cun perfil similar, ao que en todo caso sumouse a confección. Claro que os ritmos de crecemento e as fases do ciclo español tenden a proxectarse sobre cada unha das rexións, establecendo unha referencia forte para a expansión da nosa economía. Pero eran ritmos elevados, que tiraron pola transformación do aparato produtivo.

Esta modernización foi, primeiro, ao abeiro de fronteiras estatais, dentro dos que actuaron algúns mecanismos difusores do progreso (emigración máis doada; transferencia tecnolóxica máis rápida e barata; aproveitamento máis rápido das diferenzas salariais ou de custes de factores). Un mercado en expansión cada vez mais sofisticado como o español esixiu un crecemento e progresión cualitativa da oferta que Galicia era capaz de colocar. O acceso ao mercado comunitario despois de 1986, co seu correlato de estabilidade, cambiaría e a redución do custe do crédito e facilitou unha capitalización notable.

**Gráfico 6**  
**Saldos comerciais totais, para os principais produtos de comercio**




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE, TIOGA, 2008.

**Gráfico 7**  
**Saldos comerciais interrexionais para os principais produtos de comercio**




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE, TIOGA, 2008.

**Gráfico 8**  
**Saldos comerciais coa UE. Principais produtos de comercio**



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE, TIOGA, 2008.

**Gráfico 9**  
**Saldos comerciais co resto do mundo. Principais produtos**



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE, TIOGA, 2008.

Galicia adaptouse ben a contornas tan esixentes. Os saldos externos coa UE son estruturalmente positivos, cun intenso comercio intraindustrial, aínda que cunhas exportacións moi dependentes do automóbil e a confección. O comercio interrexional de produtos tamén se sitúa próximo ao equilibrio, colocando en Madrid, Cataluña e Castela León produtos gandeiros e do mar, así como os seus transformados, prendas de vestir, produtos metalúrxicos e vehículos, ou enerxía eléctrica, mentres compramos produtos agrícolas e químicos ou tamén metalúrxicos. Só nos intercambios de servizos con outras áreas españolas ou nas relacións con países terceiros amosamos un saldo negativo preocupante.

O noso tecido produtivo internacionalizouse, construímos grandes multinacionais (Inditex ou Pescanova) e contamos cun substrato de pequenas e medianas empresas, aínda non suficientemente denso, con presenza no exterior. E mantivemos un

dobre eixo financeiro, no norte e no sur, que asignaba o aforro, impulsaba proxectos e cooperaba co poder político (hoxe transformado nun banco privado pero felizmente aínda de sólidas vinculacións con Galicia, por mais que a maioría do capital proceda de Venezuela).

Esta crise que estamos padecendo vai esvaer no ar sólidas posicións e agravará a dependencia exterior dunha parte substancial da capacidade produtiva. Precisamos diversificar a nosa presenza exterior, entrando nos mercados de maior potencial de crecemento e ampliando o abano de producións.

### III. A acción pública

A percepción común na sociedade galega sobre a actuación do Estado central en Galicia é negativa. Esta asunción tácita responde a condicionantes históricos e á pervivencia xeralizada ata moi tarde das relacións clientelares, pero tamén ao traballo de sementeira que, con matices, emprenderon autores como Xosé Manuel Beiras Torrado —que fala de bloqueio, desposesión e colonialismo interno— ou Ramón López Suevos —que utiliza o termos de colonialismo *tout court*, con todas as súas implicacións—, entre outros.

A democracia e o autogoberno viñeron acompañados de cambios de fondo na acción pública. O gasto público pasa dun 10% do PIB nos anos 60 ao 40% nos últimos tempos, pesando en Galicia máis que en España. Está centrado en servizos e transferencias ás familias. De «ogro» afastado e arisco, o Estado transformouse nun amable e accesible acompañante dos avatares das nosas vidas, desde o berce ao cemiterio. O estado do benestar é unha realidade. A Xunta de Galicia, expresión do autogoberno, constituíuse no axente público central. A descentralización é profunda no lado do gasto e tamén, aínda que nun chanzo inferior, nos ingresos. O Estado somos nós mesmos en moitos ámbitos e participamos democraticamente nas decisións comúns que nos afectan. Houbo, ademais, un enorme e proveitoso esforzo de capitalización pública que permitiu superar o atraso en infraestruturas.

Podemos aproximarnos á comprensión desta posición por medio das balanzas fiscais.

#### 1. As balanzas fiscais

As balanzas sintetizan as relacións fiscais de Galicia coa Administración Xeral do Estado (AXE), en sentido amplo, durante un alongado período (1991-2005). A información facilitada permite distinguir dúas subbalanzas: AXE propiamente dita e Seguridade Social (Barberán e Uriel; Caramés; De la Fuente, Barberán e Uriel, entre

outros).<sup>1</sup> Ambas presentan un saldo estruturalmente positivo. As cargas fiscais para os residentes son inferiores de xeito sistemático aos beneficios recibidos. O saldo medio rolda o 10% do PIB, sendo nun 70% aproximadamente debido ao saldo da APC en un 30% ao saldo da Seguridade Social.<sup>2</sup> Pero, este saldo, é excesivo ou normal?

### a) Subbalanza social

A balanza social recolle os fluxos derivados do sistema de pensións (cotizacións e pensións): cotizacións pagadas e pensións percibidas polos residentes actuais, con independencia do lugar de radicación. Só por comodidade procedemos a unha agregación territorial, que é un exercicio espurio. De estarmos diante dun sistema de capitalización, unha parte crucial dos pagos actuais manteríase, desaparecendo tan só aqueles que dependen do carácter redistribuidor do sistema.

Os ingresos do subsistema de seguranza social por habitante están constantemente por baixo da media española —roldando o 80%—. Mentres que os gastos están lixeira, pero crecentemente por riba. Non nos discriminan. Os ingresos dependen do número de cotizantes e da cotización media; esta, á súa vez, das bases reguladoras e do tipo aplicable. Os menores ingresos relativos por habitante en Galicia explícanse hoxe, no fundamental, polo menor salario medio dos cotizantes. A distancia entre Galicia e España en ganancia anual media por traballador é similar á do PIB por habitante.

Os gastos dependen, a súa vez, da proporción de perceptores de pensións contributivas sobre o conxunto da poboación e do nivel das pensións. En Galicia prodúcense dous movementos contraditorios. Hai máis perceptores sobre o conxunto da poboación, debido sobre todo á estrutura demográfica; e a percepción media é inferior, reflectindo a menor produtividade de décadas pasadas —e o comportamento estratéxico de moitos autónomos—. O primeiro índice é máis favorable para Galicia que o segundo.

No Gráfico 10 observamos o carácter normal da posición galega: o nivel do saldo por habitante correlaciónase inversamente coa renda por habitante. Por que? Porque as rexións máis adiantadas manteñen un superior dinamismo poboacional, cunha poboación menos avellentada, así como unha taxa de ocupación sobre a poboación en idade de traballar máis alta. Ademais do xogo dos elementos redistributivos internos ao sistema. Galicia sitúase onde debe estar, tendo en conta a súa renda e o nivel de avellentamento. Tan só Asturias sorprende por un saldo tan elevado, feito que explican os fondos mineiros.


---

1 No momento en que escribo estas páxinas aínda non están dispoñibles os datos do Sistema de Contas Públicas Rexionalizadas para 2011.

2 Neutralizando o déficit subiría o saldo da Seguridade Social e descendería o da APCt.



**Gráfico 10**  
**Saldo da subbalanza social por comunidade autónoma (1991-2005)**




Fonte: Uriel e Barberán.

### b) Subbalanza da Administración Pública Central

Esta subbalanza é a que, estritamente, corresponde ao funcionamento das Administracións Públicas. A groso modo, as Administracións benefician aos cidadáns de Galicia ao longo do período nun 8% do PIB en termos netos.


A carga fiscal é consistentemente inferior á española, situándose entre a proporción que representan a renda ou a renda dispoñible por habitante en relación coa media española. Nos gastos per cápita, a diferenza é aínda máis acusada: no plano territorial os gastos teñen cando menos un impacto redistributivo similar aos ingresos. Un dos compoñentes que de xeito máis estrutural explica ese gasto superior é o financiamento autonómico. Contra a percepción pública común, estamos ben tratados desde sempre no sistema de financiamento, dentro das comunidades de réxime común. As especificidades de custe (dispersión, normalización lingüística) e de demanda (avellentamento) están ben recoñecidas polo sistema, e os elementos inerciais —peso do *statu quo*, que xogou sempre como referencia nas negociacións quinquenais do modelo de financiamento— fano a favor de Galicia.

**Gráfico 11**  
**Recursos do sistema de financiamento de réxime común,**  
**por habitante a competencias homoxéneas (2011)**



Fonte: Elaboración propia.

**Gráfico 12**  
**Saldo de Balanzas coa Administración Pública Central (1991-2005)**



Fonte: Uriel e Barberán.


No conxunto das CC.AA. maniféstase unha relación inversa entre PIB por habitante e saldo fiscal positivo, pero con anomalías destacadas: Ceuta e Melilla, obvias; as comunidades forais, ben coñecidas, e Canarias.

Como resultado, sendo algo menos eficientes que no resto de España, conseguimos vivir aproximadamente igual que o resto dos españois, cando menos nos últimos anos. Aínda mantemos unha prudente distancia cos cidadáns de Cataluña, País Vasco ou Madrid, pero as diferenzas acurtáronse a un ritmo vivo. Os saldos fiscais correntes beneficianos cun impacto notable, que ten tamén unha proxección interna: a renda por habitante non é inferior en Lugo ou Ourense á das provincias atlánticas.

## 2. A igualación de oportunidades no territorio e o *stock* de capital

No investimento en infraestruturas públicas a sensación de discriminación tampouco se corresponde cos feitos. O *stock* de capital público en Galicia ve caer o seu peso sobre o conxunto español entre 1955 e 1975 —o investimento público seguiu ao privado, fortalecendo a polarización territorial en España—, pero logo sucede todo o contrario, situándonos hoxe lixeiramente por riba da media española en *stock* de capital público por habitante en relación ao PIB ou á superficie.


**Gráfico 13**  
**Peso do stock de capital público en Galicia**  
**sobre o conxunto español (1990-2005)**



Fonte: IVIE.

No Gráfico 14, que recolle os fluxos de investimento do último período, vemos que a proporción de investimento público moi raramente baixa do 6% do español.<sup>3</sup>

**Gráfico 14**  
**Peso do investimento público territorializado en Galicia**  
**sobre o conxunto español (1980-2004)**




Fonte: IVIE.

Este venturoso resultado é, en parte, resultado de dous potentes instrumentos de solidariedade para o desenvolvemento, o Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e os Fondos Europeos. De cada catro euros investidos, tres procederon de transferencias de capital. O FCI foi perdendo relevancia progresivamente, pero esta caída apenas suscitou lamentos polo volume crecente de Fondos Comunitarios. En Galicia inxectaron desde 1986 máis de 20.000 millóns de euros.

<sup>3</sup> O perfil moi ascendente do período posterior a 2005 non se reflicte no gráfico.

**Gráfico 15**  
**Peso do FCI e outras transferencias de capital sobre os investimentos da CA de Galicia (1990-2010) (% sobre o total de investimentos)**



Fonte: Elaboración propia.

#### IV. ALGUNHAS REFLEXIÓNS DE FUTURO

##### 1. Os impulsos tradicionais ao crecemento están esgotados

1. A reestruturación sectorial está practicamente esgotada (80.000 empregos primarios, un 7.5% do total). A capacidade do axuste laboral para impulsar o avance da produtividade global é moi limitada. As produtividades sectoriais non están moi lonxe das españolas. Tan só cabe esforzarse para que creza a produción nas áreas con maior valor engadido por traballador, como a dos servizos avanzados, na que, como vimos previamente, hai unha falta de especialización notable de Galicia. E incrementar a produtividade de cada unha das producións por riba dos nosos competidores. Pero non será un mero efecto do paso das xeracións antigas á xubilación senón o efecto das decisións empresariais e públicas nun entorno competitivo. Só a internacionalización

- activa permitirá beneficiarse do crecemento doutras áreas, singularmente das non europeas. Só a incorporación rutineira do I+D permitirá renovar as vantaxes competitivas das empresas. E a dimensión segue a ser relevante: o tamaño importa para competir e sobrevivir.
2. Tampouco cabe pensar en avances significativos derivados da converxencia en capital humano coa media española, porque xa estamos próximos. Cómpre reducir o nivel de fracaso escolar, mellorar o axuste entre a formación demandada e a ofrecida en FP ou Universidade, ou incrementar a calidade. É insólito que carezamos dunha información adecuada sobre o desempeño laboral dos titulados universitarios ou dunha análise dos fluxos de estudantes. Ou que en áreas como as conservas de peixe ou a confección as empresas non estean máis implicadas nas actividades de formación. Pero todos estes esforzos esixirán comportarse mellor que a media española. Non van derivarse, como ata agora, da mera proxección a Galicia das lóxicas do conxunto.
  3. A demografía recesiva continuará axudando á converxencia. Pero obrigará a practicar severos reaxustes nos servizos públicos ou na oferta de infraestruturas e aumentará o custe por habitante de algúns equipamentos ou infraestruturas. E pode ocasionar efectos negativos sobre a produtividade. O reaxuste espacial da poboación obrigará a fondas reformulacións da estrutura administrativa así como a priorizar a atención á Galicia real (o *hinterland* da autoestrada do Atlántico e os seus aledaños, a nosa rúa principal).
  4. O estancamento da economía española debilitará o proceso de converxencia. O desemprego elevado retirará incentivos á mobilidade interna. As saídas ao estranxeiro de mozos, o retorno aos seus fogares de inmigrantes internacionais e os movementos de regreso ás comunidades de orixe de emigrantes internos compoñerán un panorama complexo. As dificultades para o crecemento poden ser maiores naquelas áreas máis dependentes do orzamento público, como Galicia, que poderán agardar menos das transferencias de recursos desde a Administración Xeral do Estado.

## 2. As finanzas públicas pasarán un longo período de vacas fracas

1. O sector público autonómico pasará por un longo período de vacas fracas. O xogo competitivo de financiamento autonómico será de suma cero. Os procesos de consolidación fiscal reducirán as posibilidades de endebedamento. A competencia fiscal entre comunidades limitará o uso da capacidade tributaria propia. Os fondos europeos de desenvolvemento con destino a Galicia caerán sensiblemente no próximo período de programación ao ser rexión *phasing out*.

2. O avellentamento presionará sobre os gastos sanitarios e sociais. A regresión demográfica elevará o custe por habitante do mantemento da infraestrutura pública existente.
3. Menos recursos e máis obrigas reducirán o papel activo da comunidade autónoma na modernización. A definición dun proxecto devirá ineludible.

### 3. A ausencia de proxecto, principal déficit

Xustamente, a ausencia de proxecto colectivo consistente —consensos transversais sobre asuntos centrais— foi o principal déficit: nin no nome nin no estatus do galego, a organización territorial, a ordenación do territorio ou a política de infraestruturas.

Esta ausencia de proxecto de país tivo repercusións notables no deseño eficiente das infraestruturas e na pervivencia dun instrumento financeiro. A ausencia dunha urbe central facilitou que elites urbanas en competencia e sen masa crítica condicionarán solucións estruturais e alimentaran proxectos con pés de barro. Hoxe estamos pagando xa, literalmente, a súa incapacidade e o seu fracaso, que colocaban na conexión privilexiada con Madrid a clave do éxito. Esta visión prexudicou a articulación territorial interna, sobre todo entre as áreas dinámicas, e hipertrofiou as infraestruturas de conexión exterior (autovías, portos, aeroportos, singularmente), co que se demorou e, ás veces, se impediu unha solución eficiente. Unha visión borbónica do territorio (Bel) que as nosas elites provincianas fixeron máis ineficiente e tardía.

Constitúe unha oportunidade singular a redución do tamaño de Galicia, en termos físicos e económicos, e a aparición dunha conurbación virtual de 1,5 millóns de habitantes á beira da Autoestrada do Atlántico, sen cobertura institucional nin impacto aínda na conciencia colectiva. Podemos contemplar as desavinzas fratricidas, provincianas e mesquiñas dos munícipes galegos como os últimos estertores dunha orde que se resiste a morrer. Fronte á competencia miope de cidades que provén de servizos só aos seus habitantes, ou, en todo caso, aos dos concellos que as rodean, só progresarán aquelas iniciativas que consigan interesar ao conxunto dos habitantes da rúa maior de Galicia, aínda que non será doado que esa realidade emerxente desestabilice os aparatos institucionais que proceden doutra época, cunha configuración do territorio e un sistema político administrativo diferente (Deputacións provinciais). Un país máis polarizado que debe garantir a accesibilidade de todos aos bens e servizos da modernidade, pero non empeñarse en quimeras irrealizables.





## Resumo do faladoiro

JOSÉ MANUEL ANDRADE CALVO  
& XOSÉ MARÍA GARCÍA PALMEIRO



### I. Introducción

A continuación recóllese un breve resumo dos relatorios e dos debates que seguiron a cada un deles. Así se dixo en síntese.

### II. Hai espazo para unha política económica específica?

Relator: Antón Costas.

O primeiro relatorio da mañá estivo a cargo do catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Barcelona, Antón Costas, que tivo por título «Hai espazo para unha política económica específica?». Na súa intervención, Antón Costas subliñou a visión positiva da periferia e lembrou o xurdimento da primeira Revolución Industrial na Escocia de Adam Smith, unha zona periférica da Inglaterra e da Europa do século XVIII. Falou da importancia dun relato positivo sobre nós e das políticas públicas como ferramenta para mellorar a conta de explotación dunha empresa e o seu valor engadido. Porén, considerou que as melloras do bo goberno e dos recursos humanos non necesariamente han producir *per se* bos resultados en termos de crecemento económico e emprego. Considera Costas que no noso caso habería que aumentar a taxa de industrialización pero, sorprendentemente, en España, mesmo se chegou a suprimir o Ministerio de Industria no ano 2000. Un caso único na Unión Europea!

Salientou que temos unha produtividade máis alta ca de Alemaña e un gran tecido empresarial, aínda que unha política pública ben entendida debería afrontar o problema da escasa dimensión media das empresas españolas. Se iso se conseguise, fortaleceríamos o espírito de empresa e, conseguintemente, o crecemento rexional. Incidiu tamén na falta de capacidade de I+D e no mellor aproveitamento das capacidades investigadoras das universidades, e autoestima. E, por último subliñou a necesidade dun novo contrato social para impulsar a alianza empresas-sector público-sociedade (educación) e unha nova política económica.

Na quenda de debate, un retrucante reivindicou a tradición liberal española e lembrou que a Escocia descrita por Antón Costas non era marxinal, senón distinta de Inglaterra. «Era outra cousa. Acababa de asinar un pacto que, por certo, quere romper agora. Era un espazo de liberdade e contaba con teóricos importantes expulsados de Inglaterra. As universidades estaban por xogar un importante papel».

No caso de España apuntou a recuperación dalgúns capacidades propias na década de 1950 coa volta dalgúns exiliados. Citou a Jesús Prados Arrarte (coronel do Estado Mayor da República) que veu facerse cargo da cátedra de Economía da Universidade de Madrid e do Servizo de Estudos do Banco Central. Fixo referencia tamén ás vellas capacidades institucionais do Dereito Administrativo e á atención á Formación Profesional (as Escolas Obreiras, preparatorias dos operarios que máis tarde entrarían na Bazán en Ferrol, por exemplo). «O franquismo non xoga coa construción de barcos».

Outra visión que apuntou este participante foi que «contamos que vimos do atraso e temos que modernizarnos» e aludiuse a unha afirmación do historiador Álvarez Junco: «España nos anos 1980 tivo que desindustrializarse para ser moderna».

Deseguido outro dos participantes, en relación ao enfoque «conta de resultados» exposto por Costas e á súa contribución ao éxito das empresas, reclamou que se atenda tamén a outras variables, ás do contorno, no caso de Galicia. Subliñou a importancia do valor da excentricidade e rexeitou a marxinalidade xeográfica de Galicia como factor explicativo da súa situación.

Recoñeceu a existencia de variables intanxibles dificilmente medibles e salientou que o factor deseño-imaxe-marca contribúe a acrecentar o valor agregado sen que varíe a calidade da man de obra, do persoal.

Destacouse a importancia da I+D+i, pero incidiu en que debería considerarse o uso dos recursos públicos (Fondos Comunitarios, nomeadamente), que non foron empregados con criterios e obxectivos de crecemento e produtividade, senón destinados a infraestruturas con nula produtividade. Salientou que debería repararse tamén nas políticas aplicadas agora pola Xunta de Galicia: «cegas para o problema dunha industrialización pendente e necesaria» e no feito de que o factor institucional básico, de carácter político, está baixo mínimos, por debaixo das pulsións empresariais para o crecemento.

Falou da falta de capacidade para crear tecido propio de pequena empresa ben dimensionada, para enfrontarse ao mundo e puxo dous exemplos: comparou o núcleo Citroën-Vigo coa industria naval galega. Sinalou que o primeiro foi quen de xerar tecido industrial, autosustentable e capaz de dar o salto a novos mercados. Pola contra, a industria naval, con tecnoloxía obsoleta, tivo un impacto mínimo no ámbito empresarial. A súa cualificación da man de obra foi mínima. Non houbo estaleiro capaz de crear en Ferrol-Vigo unha industria auxiliar media con posibilidades de subministrarlle equipamentos.

Preguntouse este participante polas causas do éxito dunhas empresas familiares fronte a outras e falou da industria conserveira, o sector industrial máis tradicional e de éxito de Galicia desde os inicios do século XX. Puxo o exemplo de dous grupos multinacionais: Calvo e Gealsa, dúas grandes empresas ao carón doutras que foron afundíndose e fíxose preguntas: Capacidade de iniciativa do grupo familiar? Solidez no seu financiamento?.

Ao respecto das balanzas comerciais salientou a importancia de comparar a de Galicia fronte ao exterior, destacando que se di que é óptima porque Galicia exporta moito, pero subliñou que o éxito se debe sobre todo á Citroën e a Inditex. No entanto —continuou—, nas táboas input-ouput, se se estudan as balanzas comerciais internas de España, de Cataluña e de Galicia, pode comprobarse que Galicia depende enormemente do mercado español para facerse con produtos que serían perfectamente producibles aquí e, no entanto, non xerou un segmento empresarial medio capaz de prover eses produtos aos supermercados galegos. Unha situación inversa á de Cataluña.

A seguir, centrouse o debate sobre o par centro-periferia, operativo nas teorías históricas da cultura e que contempla a periferia como elemento dinamizador. Destacouse que da periferia cultural adoitan saír as innovacións artísticas e literarias, mais é o centro quen acaba por absorber esas innovacións, logo canonizadas, museizadas, esclerotizadas e normalizadas. En termos culturais, estáse case asumido que a innovación ten que proceder da periferia e pagaría a pena ter en conta esta reflexión en termos económicos e políticos.

Dixose que no caso de Galicia resulta moi operativa a aplicación do par centro-periferia porque podemos case visualizala xeograficamente. Salientouse que os galegos vémonos a nós mesmos en termos periféricos, tamén xeograficamente a respecto do que é a península Ibérica e vemos a Madrid como centro xeográfico ademais de político.

Un participante formulou dúas preguntas «de principiante» nas industrias culturais galegas: se concluímos que a produtividade vai ligada ao tamaño das empresas, cal sería a receita para as industrias culturais galegas se non poden aspirar a seren grandes? Se teñen que ser pola súa natureza empresas pequenas, daquela deberán renunciar á produtividade?

Antón Costas admitiu que a tradición liberal española é maior do que dicimos e apuntou ao século XIX. Concordou na diferenza, que non marxinalidade, de Es-

cocia e na maior importancia das universidades de Edimburgo e Glasgow, a finais do século XVIII, con relación ás de Oxford ou Cambridge, moito máis anquilosadas nese tempo.

Con respecto ao bo comportamento industrializador de España nos anos sesenta, recoñeceu o retorno de xente con diferentes capacidades, pero resúltalle difícil explicar só con base nese dato a explosión industrializadora.

Destacou que é moi indicativa a cita de Álvarez Junco que fala de desindustrializar para modernizar nos anos oitenta. Considera Antón Costas que este é un dos grandes erros cometidos pola modernización española porque, na década dos 80, ten lugar a nosa entrada na Unión Europea cunha mala estratexia que castigou especialmente á industria. Indica que a entrada da peseta no Sistema Monetario Europeo en 1989 avanzou con dúas decisións que magoaron enormemente a capacidade industrial española. A peseta entrou cun tipo de troco sobrevalorado que uns anos despois levou a tres depreciacións para recuperarse. Sucedeu tamén a liberalización seis anos antes do previsto, e sen obriga, das transaccións financeiras españolas, o que favoreceu unha entrada de capital exterior que nesgaría a economía española cara ao sector financeiro que é máis especulativo. Posteriormente, xa no 2000, o Goberno español suprimiu o Ministerio de Industria, algo que ningún outro país fixera, un sinal político sobre cales serían as fontes do progreso e da riqueza futura. «Suprimimos o Ministerio de Industria e creamos unha fantasía, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Un fracaso», destacou Antón Costas.

Sobre as variables intanxibles indicou que a idea ten moito que ver coas historias que nos contamos. Salientou que co mesmo tipo de recursos —terra, capital, traballo— nunha empresa ou nun país pódense obter resultados moi diferentes. «Que é o que explica iso? Os economistas a isto chamámoslle a produtividade total dos factores, a capacidade do empresario de saber combinar eses tres factores de tal xeito que... Eu a iso chameille “efecto Guardiola”. O F.C. Barcelona tiña moitos recursos e poucos triunfos. Cos mesmos recursos apareceu exitosamente o “factor Guardiola”. Velaí a función do empresario: mellorar a produtividade total dos factores, probablemente a través de moitos intanxibles».

A respecto de Citroën indicou que somos o único país do mundo que nos últimos trinta anos de globalización, e logo da aparición de Asia, dos emerxentes e da Europa do Leste, non fechou ningunha industria automobilística. Alemaña, Francia, Inglaterra e Estados Unidos fixérono. «Cando algo así sucede, tomémolo en serio porque ten que haber capacidades nesa industria nosa».

No que se refire ao sector naval e á alimentación indicou que ve sectores cunha gran capacidade para mellorar a súa taxa de industrialización. Para iso considera que hai que unir ese triángulo —a industria que temos no naval, na conserva e na alimentación— e aliala coa capacidade de coñecemento que teñamos na sociedade española e coa formación de bos profesionais. «Un exemplo: eu son conselleiro dunha adegá

nova, Terras Gauda (primeira botella no mercado en 1991). É a única adega española con tres patentes europeas de lévedos das súas vides... porque desde hai doce anos temos un convenio de investigación co CSIC para identificar e investigar as mellores cepas». Isto é parte do seu éxito comercial.

Continuou sinalando que se queremos dar un paso adiante non podemos inventar sectores novos. Debemos coller a semente do que xa temos, a semente empresarial, e potenciala.

Con relación á balanza de pagos española, indicou que o segundo factor de maior dinamismo exportador en España é o da alimentación e bebidas. Aí considera que temos unha industria dunha potencia espectacular. Invitou a pensar en Dinamarca, un país pequeno, con gran capacidade industrial porque conta cun sector, algo así coma un Silicon Valley, que nada ten que ver coas novas tecnoloxías, senón co porco. Falou de que o clúster danés está baseado na alianza de empresas porcinas, universidades e a formación profesional, que lle dá unha gran capacidade exportadora desde unha industria tradicional. Costas cre moito nas potencialidades desta estratexia, «e non digo que sexa fácil», subliña.

En canto ao par centro-periferia manifestou estar de acordo coa definición exposta nun senso amplo e non só xeográfico, indicando que Perú era periferia ata que hai vinte anos o tráfico marítimo internacional e o comercio mundial cambiou do Atlántico ao Pacífico. A globalización alterou a xeografía.

Concordou co apuntado sobre do concepto máis amplo de periferia, onde nace a disidencia, da que vén todo o novo e destacou dous exemplos: a empresa que vende máis produtos de esquí é Barrabés. Creouna un individuo que opera por Internet desde a montaña de Huesca. O segundo, o maior operador do mundo en turismo, actúa tamén a través de Internet, desde Mallorca, con reservas hoteleiras en todo o mundo e prestación de servizos últimos. En 2006 facturaba douscentos millóns e agora mesmo 6.400 millóns de euros, todo por medio das novas tecnoloxías. «A idea de globalización e revolución dixital alteran o marco do centro-periferia, pero iso non o collen os que xa están dentro do mercado, senón os periféricos, aqueles que nacen».

De Inditex —indicou— se tivera que explicar algo diría o que lle contaron os téxtiles cataláns. Antes para cada nova tempada se facía un catálogo que levaban os comerciais polos mercados. Tardaban entre 18 e 24 meses en crear unha nova liña. Pois ben, Inditex eliminou —servíndose da revolución dixital— toda a distribución intermedia e imprimiulle ao negocio un dinamismo extraordinario. Velaí a periferia, o acceso ás preferencias do consumidor final.

Sobre o futuro dos pequenos, das industrias culturais galegas, só ve dúas saídas. Ou formar clúster ou a compra por parte dalgún grande. A venda non ten por que ser un fracaso e destacou que somos o país europeo cun menor uso do mecanismo concursal de reestruturación empresarial. Subliñou que deberíamos estar máis dispostos a afrontar a situación e fuxir do estigma do fracaso.

Abriuse deseguido unha segunda quenda de debate e un dos retrucantes amosouse de acordo co apuntado sobre a marxe real para as políticas públicas e a súa incidencia sobre o crecemento, pero sorprendeuno o que describiu como certa infravaloración do factor traballo, do custo do traballo e a evolución deste. Considera que unha das incidencias máis importantes das políticas públicas sobre a vida das empresas e da xente é o modelo de relacións laborais, que afecta ao custo do factor traballo, á capacidade adquisitiva media dos individuos e á posibilidade do crecemento. En consecuencia preguntou a Antón Costas: «Cres que eses cambios, impostos ou inducidos polas políticas públicas sobre o modelo de relacións laborais —que parece que está a producirse na evolución do capitalismo— son algo conxuntural por causa da crise actual ou é que estamos nun cambio de modelo, do nacido logo da Segunda Guerra Mundial, e imos cara a outro tipo de modelo, máis americano e menos europeo? Como incide todo iso nas posibilidades de crecemento?».

Outro dos participantes aludiu á importancia da publicidade e da imaxe e ao importante que é para unha empresa gozar de vantaxes previas por estar nun sitio ou noutro: perfumes en París, zapatos en Italia... Fixo referencia a Gadisa, que nos di que vivamos como galegos, non que merquemos o deles. Apuntou que a imaxe é moi importante e xera unha involucración e autoestima na xente e pediu que se considere a importancia do turismo como perfecto escaparate do país ao tempo que reclamou que a conta de resultados contemple esa proxección publicitaria e de imaxe.

Tamén se falou dun novo contrato social e incidíuse, unha vez máis, na importancia da autoestima e da ilusión como motor de desenvolvemento. Reclamouse como necesaria a colaboración Universidade-empresa-sociedade e indicouse que soamente nós seremos quen de arranxar as nosas cousas.

Volveuse sobre o concepto de periferia, que se considera en exceso amplo e borroso porque é tamén un resultado da visión de cada observador. Os centros cambian e as periferias tamén. O espazo entre Ferrol e Lisboa perfila un contínuum con potencia, pero vese limitado pola parte institucional.

Estar no medio de Europa e América ten algunhas vantaxes, indicou outro retrucante, somos a periferia dun centro moi potente, pero vistos desde o Norte de África ou desde Asia somos o centro. A idea de periferia é complicada, complexa.

En canto ás institucións, falou do sector público, do tipo de mercado, das vías de financiamento. Falou de institucións moi diversas, pero indicou que falta saber onde poñemos o acento e qué priorizamos.

Outro dos retrucantes apuntou que, antes en España, o desenvolvemento estaba na periferia e Madrid era un lugar de funcionarios e militares, «un sitio que había que financiar», xa que logo, a política ten algo que ver, xoga algún papel. Continuou sinalando que Madrid é a capital política pero, no curso do século XX, Varela Suances propuxo promover e aumentar a industria en Madrid para reducir o peso industrial de Barcelona, por tanto considera que España sempre foi policéntrica.

Incidiu en que Madrid, actual capital industrial, non é algo neutro respecto da distribución do poder. Hai políticas promotoras de Madrid igual que hai un cuadrante noroccidental á baixa. Galicia depende de Citroën e de Inditex, e preguntouse que pasaría se Citroën, polas razóns que sexan, pechase, sería Galicia un novo Detroit? Rematou afirmando «ás veces o século XIX español parécese sospeitosamente ao século XX-XXI».

Na quenda de réplica, Antón Costas destacou a relación clara entre caída dos salarios, aumento da desigualdade (desde 1970 en todo Occidente) e aumento de endebedamento para manter poder adquisitivo. Como resposta á pregunta formulada de se a caída dos salarios afecta ao crecemento da economía nos próximos anos, indicou que faría a pregunta deste xeito: «Que é máis determinante, salarios ou emprego?» Para a continuación afirmar: «Durante unha década será máis determinante o emprego porque iso significa maior masa laboral conxunta. Outro problema son os salarios individuais. Nese sentido, desde o mundo empresarial temos que ter en conta unha cousa: salarios moi baixos non poden correlacionar con produtividades moi altas, algo teremos que pensar diso nas empresas».

Costas chamou asemade a atención sobre o moi alto custo enerxético nalgunhas empresas, variable á que non se lle presta tanta atención como aos salarios e que, no entanto, afecta á produtividade do noso sector empresarial.

A respecto da publicidade e imaxe e achega da política pública, considera que ten moito que ver co que nós contamos de nós mesmos. Puxo o exemplo de Perfumes Puig, que é a sexta empresa do mundo nese sector e ten unha fábrica en Francia, pero a produción principal está en Barcelona. Con iso quixo dicir que a xeografía non é determinante para a imaxe empresarial, senón que depende da política comercial que se teña.

Incidiu na necesidade de potenciar as fortalezas que temos, sinalando que en Cataluña o máis importante é o F.C. Barcelona, logo en Galicia teríamos que fortalecer Zara. «Collamos os elementos fortes e potenciémoslos».

Sinalou que o turismo é unha industria se se industrializan e racionalizan os procesos produtivos. «A cuestión é industrializar as actividades».

Con relación á periferia, insistiu en que estamos a vivir dúas revolucións: a primeira é a dixital, que cambia o modelo de negocio, e a segunda é a enerxética. Citou como exemplo a Estados Unidos que é, por vez primeira, autosuficiente en materia enerxética e por iso se afasta agora de Oriente Medio, «mudanza que vai cambiar a economía e vai cambiar o mundo».

A respecto das institucións sinalou que cando nun país hai substrato básico que é esa idea de contrato social, ese país sae adiante, aínda con debilidades institucionais moi importantes, e iso ocorre cando a xente ten expectativas de mellora e cre nelas. Nese senso, dálle máis importancia a existencia dun contrato social explícito que a un esforzo reformista.

Por último, no que se refire á periferia, pediu que se repare no feito de que as empresas que traballan en mercados competitivos, referentes do capitalismo liberal de mercado, seguen a estar na periferia. Inditex, sen ir máis lonxe. En cambio, o capitalismo concesional e protexido está no que chamamos centro, por iso —afirmou— ao par centro-periferia hai que darlle un senso diferente.

### III. O paradigma do «atraso»: razóns dun éxito.

Relator: Lourenzo Fernández Prieto.

Comezou Lourenzo Fernández o segundo relatorio dicindo «Estou por unha historia optimista desde hai trinta anos, pero non me cren». Sinalou que sucede que a periferia non pode queixarse, ten que reinventarse e proxectarse. Pero ocorre que, entre nós, o falso mito do atraso oculta o pasado, repite o presente e anula o futuro ata converterse nun bucle, nun círculo vicioso. No entanto, iso non impide a aparición de Inditex, Gadisa ou Finsa. Xa que logo, «algo renxe nese discurso do atraso», subliñou.

Sinalou que non acabamos de modernizar de vez e pasamos por alto outras efectivas modernizacións: transformacións agrarias, mercado interno, ciencia ao servizo do progreso e, mesmo, o factor da emigración. Considera que a idea do atraso vai pervivindo porque é «útil», intégrase nas armas defensivas dos febles tradicionalmente empregadas polo campesiñado. Unha idea historicamente oportuna, *atrapa-todo*, reflexo dunha historia negativa con raíces nos lamentos de 1898: o mundo rural como «pozo de todos los males».

Rematou sinalando que fronte aos cambios reais sempre hai un diagnóstico persistente, unha interpretación desmentida polo coñecemento histórico, pero este coñecemento xoga en favor do derrubamento do falso mito do «atraso».

Abriuse de novo a quenda de debate e un retrucante aludiu ás tendencias na empresa, subliñando que as estratexias a longo prazo estaban nos equipos directivos, pero cada vez máis empresas renuncian aos plans a longo prazo e fiano todo á capacitación do conxunto do equipo para definir permanentemente a liña estratéxica. As empresas máis dinámicas traballan así. Cada vez máis a interferencia do contexto produce desviacións.

Este participante volveu destacar a importancia da idea do que nos contamos, sinalando que a vida, a forza, o dinamismo dunha empresa está máis nas cousas que se falan día a día que en calquera outro elemento sisudo ou estrutural. Recorrendo corredores, cafeterías, despachos da empresa ao cabo do día considera que se podería facer un diagnóstico válido sobre a saúde da empresa. Para ben e para mal. «Se os temas relevantes da empresa non se falan aí, temos daquela un problema» —salientou.

Sobre das políticas públicas considerou que deberían estar orientadas a axudar as empresas que van ben e non concentrarse nas que van mal. Salientou que ten que pa-



sar á historia a tradición da subvención e resalta que o par centro-periferia é aplicable ao mundo da empresa, pero a vida das organizacións está na periferia.

No tocante ás relacións laborais apuntou que hai dous modelos. O francés: os sindicatos din: a empresa é nosa e ti xestionas pero non deas a lata. O alemán: coxestión. Indicou que España está sen modelo ou temos algo ineficaz, polo que se necesita un pacto social. Considera que España debe ir cara a un modelo de coxestión. Hai que crear riqueza para distribuír riqueza —subliñou—e para rematar apuntou que no sector do automóbil en España non fecharon empresas porque aí o modelo de relacións laborais é o da coxestión.

A continuación, outro participante apoiou a afirmación de que é preciso crear riqueza para que todo vaia ben entre os individuos e na sociedade en xeral, e que a conta de resultados e o balance son uns magníficos instrumentos que ademais son fáciles de entender por todo o mundo. Neste punto pregúntouse se a sociedade está ben posicionada ou ten que mellorar en canto a motivacións, indicando que a capacidade dos individuos determinará o éxito da sociedade. Apostou este retrucante por cambiar a motivación dos individuos para seguir medrando e creando riqueza. Considera que hai moito que facer coa motivación dos individuos e da sociedade no seu conxunto, para que ninguén crea que crear ou xerar riqueza é malo.

Descartou taxativamente as subvencións para pemes e empresas en xeral, indicando que hai que axudar só ás que van ben e que non se pode ter medo a axudar aos «poderosos» xa que se trata de pequenos que medraron. «As grandes sono porque teñen máis produtividade. As pequenas porque teñen menos produtividade».

Resaltou a necesidade de xestionar ben os impostos, de traballarmos todos na mesma dirección e de coidarmos do noso. Sinalou que algunhas empresas catalás naceron como consecuencia e pago pola función de bisagra que CiU xogou na gobernabilidade de España. Considera que aquí, en Galicia, non temos capacidade política nin *Mare Nostrum*, e que «agora aínda temos que convencer a moitos de que a autovía do mar pasa por aquí e non por Asturias». Fixo énfase en que non se pode deixar que nos tomen o pelo e insistiu en que é preciso coidar do noso e motivar á xente a que loite por iso.

Deseguido outro participante afirmou que a nosa é unha historia mal contada. Mal contado, desde logo, o sucedido desde 1940. O papel do INI, o desenvolvemento industrial, o papel da banca, a visión diferente de Valentín Paz Andrade ou de Isaac Díaz Pardo, distanciados do discurso de Xosé Manuel Beiras, do que estaban criticamente distanciados tamén Emilio Pérez Touriño ou José Colino, estudosos da economía campesiña.

Preguntouse se fora boa a lei de Montes veciñais en man común ou a Lei de Marisqueo (1969) «que desfai toda a explotación litoral de Galicia». Aludiu ao enfrontamento entre a Cooperativa de Armadores de Vigo e Pescanova a respecto do novo dereito do mar e a creación de empresas mixtas, a creación de riqueza cando non tiñamos recursos pesqueiros, e concluíu que falta reflexión sobre todos estes feitos.

Destacou que en materia conserveira algunhas empresas fortes descubriron o atún, industrializáronse e deron o salto á dimensión multinacional. Estas empresas conseguiron este ano paralizar o convenio Unión Europea-Thailandia, gran produtor mundial de túnidos. Terras Gauda conseguiu alugar os montes en man común para producir máis. En calquera caso, considera que houbo tamén oportunidades perdidas e complicitades diversas de tipo político, empresarial e sindical.

Rematou afirmando que é certo que non existe tanto atraso e que non nos van resolver as cousas desde fóra, pero tamén o é que cos fondos comunitarios «caláronnos de por vida».

Outro retrucante falou do individualismo antiasociativo galego a través de dúas experiencias: no sector marítimo mercante constituíuse a Asociación de Navieros Gallegos. Seguiron receos, desconfianzas e falta de entendemento e a asociación acabou desaparecendo. Por causas semellantes, sinala, foi imposible chegar a constituír unha asociación única loxístico-portuaria na zona de Vigo. En 2012 tampouco foi posible poñer en marcha a Asociación de Viticultores e Adegueiros de Galicia e hai sete mil viticultores e centos de adegueiros. Considera, por tanto, que hai un substrato antiasociativo e fai falta un cambio cultural que aínda está por vir.

A continuación o relator falou do cambio cultural, da importancia de como nós cremos que somos, da empresa e da intelixencia comunitaria da empresa e dos grupos. Subliñou que é moi importante facer ben o que facemos ben, pero incidiu en que temos que descubrir e recoñecer o que facemos ben.

Referiuse á emigración e ao exilio e a feitos como o de Bibiano Fernández Osorio Tafall que ensinou que había que pescar en todo o mundo. Subliñou que a idea da cooperación permite contar historias positivas. En Galicia creouse riqueza e distribuíuse a terra. A historia da conquista da propiedade ten máis de douscentos anos e tivemos capacidade de distribuír esa riqueza, que hoxe ten outros problemas, como a necesidade de se redimensionar.

Sinalou que a lóxica da dialéctica democrática formúlase entre esquerda e dereita e a burguesía emprendedora adscíbese á esquerda. Destacou o feito de que, desde o século XVIII, o centro do tráfico marítimo con América pasaba por aquí, polo Atlántico e que nos iamos neses barcos. Pola contra, «Asturias e El Musel acaban de chegar».

En relación á referencia a Terras Gauda resalta que está ben que innove e cree riqueza onde nada había, nada máis que masa forestal sen explotar.

Sobre o asociacionismo cooperativo anotou que o tribunal concursal de Vigo en 1940-1950 era o despacho de Valentín Paz Andrade, «o gran salvador de empresas». Non se contaba con vía institucional. Para rematar indicou que «claro que houbo e hai fracasos asociativos, pero tamén éxitos noutros sectores».

Na segunda quenda de debate, un retrucante indicou que o éxito do «atraso» fixo moito dano e dixo que o nacionalismo político é vítima do «atraso» (no tocante

ao pensamento económico). Aludiu á «vellez» das análises de Beiras no tempo da aparición de *O atraso económico de Galicia* e cualificou como metarrelato político e cultural o *Sempre en Galicia* de A.D. Rodríguez Castelao e o *Ensaio histórico sobre a cultura galega* de Ramón Otero Pedrayo. Considerou moi san a vantaxe da Historia sobre a Economía e apostou por falar con claridade e por aprender a facelo en Galicia e afirmou que o mundo rural galego morreu por consunción e colapso, aínda que recoñece algúns éxitos, o resto é abandono. Queda o vacún (mal) e a reserva do monte galego pendente das demandas de Finsa ou Ence. Destacou que en 1955, cando comezou o despegue español, había en Galicia 750.000 agricultores, hoxe non hai 60.000.

Recordou a crítica intelectual a Beiras escrita nun libro-homenaxe ao autor do atraso. Beiras, dixo, é fillo da escola historicista alemá e do seu libro sorprende a falta de datos. O libro aludido é tamén un metarrelato e a súa supervivencia débese así mesmo a unha crise da agricultura galega. Por iso considera que hai que reinventar a agricultura porque non somos quen de subministrar aos nosos supermercados e non hai un gran mercado galego de produtos de calidade.

Deseguido outro retrucante indicou, que ao igual que Juana de Vega —que deseñaba unha Fundación dirixida por banqueiros e comerciantes—, el apostaba polo comercio como motor de desenvolvemento, como Adam Smith. O segundo motor, indicou, é a xente, pero a xente é moi parecida en todas partes, enfatizou, e se houbo crecemento en España nos anos 60 do pasado século foi porque se deu un proceso dunha apertura e houbo xente que o soubo aproveitar. Agora, a apertura veu da man da entrada na Unión Europea, aínda que para Galicia non foi moi boa nalgúns sectores. Coa entrada na UE cambiou a nosa posición no mundo e somos periféricos se nos contemplan desde Madrid, pero as zonas con máis problemas para se desenvolveren son as afastadas do mar e dos ríos navegables.

Comentou tamén que temos un bo balance exterior pero faltounos, e fáltanos, mercado interno, porque estabamos nun mercado pechado, e con mercados abertos aparecen oportunidades que os galegos teñen que aproveitar, e uns fixérono mellor ca outros.

Sinalou que o cambio de paradigma é que España é un mercado aberto e que nós debemos caer na conta de que non somos periféricos. Sentímonos periféricos, que é cousa ben distinta, estamos alienados. Incidiu en que nos vemos como outros din que somos para eles beneficiárense. Así que non queda outra que descartar a negatividade. Concluíu dicindo que case todo o mundo é pouco periférico se está preto do mar e subliñou que Galicia superou a Valencia en renda per cápita hai tres anos «pero ninguén o di!».

Comentouse tamén que unha proba de atraso é a burocratización excesiva e a falta dun programa de futuro e denunciouse o feito dun bloqueo xeracional por mor da crise, que couda as posibilidades de innovación en Galicia.

Outro dos participantes, en relación ao tema da conversa permanente na empresa, subliñou que este feito ten importancia mesmo por riba da existencia dun plano estratéxico, xa que ten que ver coa adaptabilidade a un mundo cambiante, de revolución tecnolóxica, que muda a nosa percepción do tempo. Considerou vital a adaptación a eses fluxos de información e que esa adaptación, en certo senso, iguala. Para afrontala en clave optimista considera que fai falta formación e disposición cara á innovación e o cambio. Tamén na Unión Europea. Indicou que veñen anos de estancamento e de recomposición e hoxe, non só en Galicia, avanza a desigualdade e deberíamos ser capaces de corrixir eses males.

Tamén se fixo referencia a libros que «marcan» e citáronse a autores como Joan Fuster ou Jaume Vicens Vives. Lembrouse a consideración do atraso na súa dimensión de xénero narrativo en Portugal e América Latina e non se compartiu a idea que relaciona a permanencia do libro de Beiras co colapso do mundo rural. Sinalouse que este feito tivo que ver co seu nacemento, pero non coa súa permanencia. A permanencia ten que ver, na actualidade, co seu acantonamento no ámbito da cultura política nacionalista e só nesa cultura, aínda que se indicou que parece que permanece, pero non é así. «Temos unha ilusión óptica, neste debate os empresarios nin mencionáchedes a Beiras».

O relator Lourenzo F. Prieto volveu sobre o metarrelato do atraso para desmentilo, indicando que cerca do lugar onde se debate estableceuse a segunda estación fitopatolóxica de España. Rematou insistindo na idea de que temos que saber o que mellor facemos, que é adaptármonos. «A clave é a adaptabilidade».

#### **IV. Galicia no mundo, o mundo en Galicia**

**Relatora: Kirsty Hooper-Dolores Vilavedra Fernández.**

Dolores Vilavedra glosou a contribución da visión dunha revisora-renovadora dos estudos de hispanística en Inglaterra, Kirsty Hooper, que por problemas familiares non puido asistir ao faladoiro.

Dolores Vilavedra destacou que o texto de Kirsty hai que lelo nun sentido teórico. Destacou que é necesario superar a dimensión ruralista do imaxinario cultural galego, unha visión non empiricamente ponderada, e apostar por unha ollada oceánica, atlantista, que poña máis mar na cultura. Considerou que non ten sentido formulármonos a periferia en termos xeográficos vía ao interior, senón que hai que mirar cara ao mar. Exemplo: a liña de vapores Vigo-Liverpool (1909-1914) impulsou o turismo xusto antes da Gran Guerra. Polo tanto, a perspectiva oceánica rompe coa visión periférica propia do centralismo.

Subliñou que a nova mirada da historia cultural contempla unha Galicia no mundo global vinculada cos significados espaciais, temporais e culturais inscritos

nas augas, praias, portos e océanos. O que non sabemos é se abundará co cambio terra/mar.

A continuación un retrucante recordou a súa colaboración con Kirsty Hooper nun traballo de investigación sobre unha experiencia realizada nos anos iniciais do século XX, na que a Universidade, os sectores naval, conserveiro, alimentario e turístico impulsaron iniciativas para exportar servizos e produtos. Con ese motivo publicáronse libros para atraer a atención doutras xentes, tal e como se recolle no libro *Mondariz-Vigo-Santiago. A brief history of Galicia's Edwardian tourist boom*, de Kirsty Hooper, editado en 2013 pola Fundación Mondariz Balneario.

Recordou que naqueles anos persoas como Barreras e Peinador asociáronse e movéronse para activar e atraer o turismo a Galicia, nomeadamente no ámbito británico. Publicáronse daquela seis libros de diferentes autores en inglés e unha guía turística Mondariz-Vigo-Pontevedra-Santiago en castelán e inglés para a promoción dun destino que era Galicia. Autores da importancia de Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán ou Wenceslao Fernández Flórez tomaron parte naquela acción promocional. Considera que este é un exemplo claro de vangardismo e de cooperación de distintos sectores cidadáns. Un exemplo do que se poden tirar hoxe proveitosas conclusións.

Outro dos participantes destacou o importante traballo de Kirsty Hooper e a súa revisión ou reformulación dos estudos de hispanística, «en boa medida os hispanistas son sedicentemente nacionalistas españois».

Deulle a razón á autora ao subliñar a hexemonía da terra e aludiu á Xeración Nós e á súa xeopoética e pasou por alto o «atlantismo», que describiu como «un modo poético de estar en contra», por parte de personaxes como Eugenio D'Ors. Sinalou que a proposta de Hooper enlaza coa mirada atlantista da historiografía británica (John Elliot), máis atlantista que oceánica (termo confuso) e relacionada coa importancia das colonias na orientación dos imperios.

Por ultimo, agarda este retrucante que Hooper siga polo camiño atlantista e que non centre soamente a súa mirada nos estudos culturais. Un traballo deste tipo ten importancia porque servirá de axuda para revisar a nosa mirada sobre a emigración.

Seguidamente apuntouse que ata principios do século XX en Galicia era mariñeiro o que non podía ser labrego e que emigraba o que non podía quedar. Este retrucante apostou pola cultura oceánica máis que pola atlantista e lembrou que as leiras da Mariña Luguesa documentalmente limitan ao Norte con Inglaterra «mar por medio». Tamén botou en falta un Museo da Emigración en Galicia, único país do mundo que non conta cunha institución así a pesar da enorme pegada que a emigración xogou e xoga na súa historia.

Outro dos participantes manifestou a súa discrepancia co anterior ao respecto da afirmación de que era mariñeiro quen non podía ser labrego e recordou que a cultura labrega era allea á cultura mariñeira, mentres que o mundo do mar non deixou de ter algún contacto co mundo agrario e labrego. Este participante tamén se defi-

niu como máis atlantista que oceánico, termo que cualificou como máis «exótico», para rematar sinalando que a visión atlántica nos obriga a repensar a nosa posición de periferia, a repensar o «centro», a noción de centro.

Citouse a continuación o libro *Las fronteras marítimas de Galicia*, de Emilio González López, que formula a situación de que Galicia, vista desde a perspectiva marítima, está no centro de Europa e chamou a atención sobre o feito de que hoxe seguimos sen tirar proveito desa situación marítima central. Definiuse a Emilio González López como «figura maior da cultura e da política, maioritariamente esquecida, hispanista e mestre de hispanistas». Recordouse o seu libro *Galicia, su alma y su cultura*, premiado polo Centro Gallego de Buenos Aires, sobre a identidade galega, en termos afastados da Xeración Nós e da súa visión cultural.

## V. A economía galega: mudanzas e perspectivas

Relator: Xaquín Fernández Leiceaga

Xaquín Fernández fixo unha reflexión sobre a modernización económica de Galicia en perspectiva longa, partindo do feito de que a visión do atraso deixou de ter peso na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago desde hai trinta anos.

Destacou que Galicia é unha historia de éxito dentro do éxito do Estado español. Galicia pasou en cincuenta anos de representar o 70% da renda por habitante española, a acadar un 90% en 2013, polo que se produce unha recuperación-superación do atraso acumulado no franquismo. Ata o ano 75 a nosa produtividade tiña un comportamento regresivo, perdiamos produtividade en relación a España e isto tiña que ver co peso da agricultura e do número de ocupados neste sector en relación a España, o que xustifica en certa medida a explicación do atraso. A produtividade agraria estaba por debaixo do 50% da produtividade agrícola de España. Resaltou os problemas derivados da «reagrarización» ou retorno ao mundo rural que se produciu entre 1930 e 1950, prolongado ata 1990, data de xubilación dos ocupados que volveron á agricultura naquelas épocas. Considerou que isto configura a realidade do atraso descrita por Beiras. Resaltou que houbo un longo camiño normalizador e que a desagrarización sería logo unha das claves da modernización.

Falou dun axuste-baixa demográfica (non sempre negativo). Atopamos aí os efectos da emigración (un exemplo, o 25% da renda dispoñible na provincia de Ourense tiña que ver coas remesas dos emigrantes). Sinalou que a emigración pode verse como un fracaso, un desaxuste, pero tamén cómpre ver os efectos que esa emigración xerou no país pola vía das remesas e que estas axudaron á converxencia de Galicia.

En canto á demografía comparou a década do 1975 a 1986 coa de 1999 ao 2009. Na primeira houbo un incremento poboacional tanto en Galicia como en España que ten que ver cun saldo vexetativo que é positivo, mentres que o saldo migratorio é negativo.

Na segunda (1999-2009) houbo incremento poboacional no contexto español mentres que Galicia se estabilizaba. Ese aumento da poboación debeuse á captación de inmigrantes ao tempo que se produciu un saldo vexetativo negativo moi potente, que se vai agudizar nas próximas décadas. Isto —indicou— obriga á reflexión.

Subliñou que en Galicia domina a visión da demografía como un problema, onde o réxime dominante é a baixísima taxa de fecundidade (por debaixo de 1,2 fillos por muller). Un dato preocupante porque segundo as proxeccións podemos perder un millón de habitantes nos próximos 40 anos.

Considera que desde o punto de vista da análise económica a perda de poboación en Galicia non debe preocuparnos moito, sobre todo se a caída da poboación global de Galicia que se vai producir —salvo que non se produza un aumento da inmigración— non vai acompañada dunha baixada do número de ocupados. Neste contexto —subliñou— conseguiríamos unha ratio de ocupados sobre o conxunto da poboación moi favorable, que vai ter como consecuencia unha elevación do nivel de vida medio moi significativo. Indicou, polo tanto, que tomaría con cautela a visión negativa sobre a perda da poboación, se ben é consciente da necesidade de reorientar o modelo produtivo, as infraestruturas e o redimensionamento de determinados servizos públicos. Considera o relator que a poboación estará máis concentrada no territorio, con problemas de accesibilidade a determinados servizos nas zonas despoboadas... Con todo, recoñeceu que non sabemos cal sería o nivel óptimo de poboación para Galicia e que deberíamos fuxir do determinismo demográfico.

Con relación á especialización interna, manifestou que a visión do atraso consideraba a apertura exterior como algo negativo, cando é todo o contrario. Canto máis pequeno é un país, máis importante é a apertura exterior, máis precisa do comercio externo. No caso de Galicia debemos ter en conta as nosas especializacións exportadoras (coches, barcos, conservas, enerxía eléctrica, roupa, produtos gandeiros, madeira...).

Respecto do comercio interrexional, indicou que este é moi dependente da especialización que se ten feito nas décadas dos 60 e 70 e a partir de aí non houbo grandes cambios, salvo no téxtil, xa que esa especialización foi posterior. Destacou que no comercio interrexional, a Galicia fáltalle unha especialización en servizos avanzados, de servizos a empresas, polo que se precisa unha política específica para reverter esta situación.

Respecto da UE, indicou que temos un forte comercio interindustrial cun peso importante dos vehículos de motor tanto nas exportacións como nas importacións, e destacou o superávit comercial estrutural coa UE que di moito das capacidades do noso tecido produtivo e industrial.

No que se refire a acción pública, empregou as balanzas fiscais como instrumento útil para dar unha idea da situación de Galicia. Indicou que temos un saldo fiscal negativo do 10% (inxéctannos recursos por valor aproximado do 10% de media, sobre PIB no período 1991-2005). Deste 10%, un 3% corresponde á balanza social e un 7% á balanza da Administración Pública en sentido estrito. Por tanto, en relación

con outras comunidades autónomas no que se refire á balanza social, considera que non nos tratan nin mellor nin peor, «trátannos como nos corresponde».

No que se refire á balanza da Administración Pública, de novo estamos na normalidade, recibimos máis fondos por habitante que a media e pagamos substancialmente menos que a media, debido a existencia dun sistema fiscal progresivo. Recibimos máis fondos por habitante, un 10% máis de recursos que a media durante os últimos 15 anos. O avellentamento e a dispersión están ben tratados neste modelo de financiamento autonómico.

Deseguido fixo referencia aos fondos específicos para o reequilibrio territorial en termos de formación pública de capital que permiten asegurar que as débedas históricas foron superadas. Neste senso, sinalou que o peso do *stock* de capital público por habitante en Galicia, nos últimos 20 anos, está por encima do 6% da media española. Tamén neste sentido Galicia está ben tratada.

Os problemas que observa teñen que ver con que boa parte dos impulsos que permitiron o crecemento de Galicia, que a súa produtividade mellorase, están agora esgotados. Subliñou que rematou o período de proceso de converxencia fácil e agora é necesario facelo mellor que a media, apostando pola eficiencia. Sinalou que ata agora fomos facendo todo isto mellorando a nosa posición no conxunto do Estado sen proxecto, sen estratexia e con lóxicas diverxentes. Considera que deberemos poñer en valor o eixo atlántico, adecuar as infraestruturas, impulsar o transporte de mercadorías por ferrocarril, sanear as rías... e todo isto nun contexto de diminución de fondos públicos.

Aberta a quenda de debate, un retrucante expresou o seu desacordo co «estimulante» discurso de Xaquín Fernández Leiceaga a quen definiu como «neomalthusiano», indicando «el di que non nos iría mal con menos poboación e eu digo que iso sería a formulación do fracaso como país».

Subliñou que hoxe estamos en Galicia nun punto cero, que acabamos de liquidar o campesiñado e estamos en plena posmodernidade e en medio dunha crise de valores. O «posmoderno» —indicou— é o que fica cando a modernización se completou e cando o campo foi xa abolido, o que equivale a dicir cando os campesiños se converteron en traballadores asalariados e a antiga agricultura se transformou en negocio agrario. Considera que hoxe non hai agricultura galega e que ese é un dos nosos problemas. «A agricultura galega son hoxe os empresarios do leite».

Considera que nesta modernización mesmo as diferenzas entre traballo industrial e vida burguesa desapareceron. Agora todo é clase media, todo o mundo se converteu en consumidor e estamos no desconcerto típico das sociedades posmodernas.

Anotou asemade que inmigrantes e capital adoitan ir aos mesmos sitios: Barcelona e Madrid e que Galicia non resulta atractiva nin para o capital nin para o traballo. Con todo, entende que os retos que neste momento se nos están formulando non pasan pola consideración da óptica neomalthusiana.

Falou tamén da teoría do «reto-resposta» e indicou que Galicia ten novos retos e que



precisa respostas novas, diferentes. Puxo un exemplo. Dúas familias. Unha ten tres fillos e dous marchan para América. Outra familia ten tres fillos e todos fican en Galicia. A primeira familia, con dous fillos en América, ve que ben lle vai coas remesas dos irmáns ao que quedou aquí. É probable que este acabe diabético, xogando no casino e gastando os cartos recibidos. O segundo caso é o da familia cos tres fillos en Galicia. Hai un licenciado universitario no paro, outro que está no sector servizos e un terceiro que mesmo pensa marchar a Angola ou a Francia. Esta familia se consegue que os fillos queden, que non marchen moito tempo ou que volvan, en pouco tempo será unha familia de éxito.

En calquera caso, precisou que necesitamos unha nova agricultura, non abonda coas granxas leiteiras, debemos inventar a nova silvicultura. Resaltou que temos un moi grave problema de industrialización, pero xa non podemos pensar en tecnoloxías do pasado que non volverán. Velaí o exemplo do naval, que só pode saír adiante botando man das tecnoloxías avanzadas.

Polo demais, considerou este retrucante que Galicia ten que empezar a aplicar o *soft power*. Aquí falamos todos portugués sen sabelo e temos preto Angola, Mozambique e Brasil, centros de atracción. Pero Galicia ten sen vender o seu particular *soft power* «porque estamos impregnados de españolismo».

Outro dos participantes dixo que non vía clara a análise demográfica de Fernández Leiceaga porque as contas non lle saen. Subliñou que Leiceaga di que non debemos preocuparnos polo *inverno demográfico* se conseguimos que non baixe o número de ocupados. Entende este retrucante que non é tanto o número de ocupados como a ratio ocupados-non ocupados o que fai que o sistema sexa sostible. Quere ver a evolución da dinámica demográfica e quere ver unha simulación da evolución no tempo coa actual estrutura demográfica galega. Ademais, na hipótese de que non cambien as taxas de natalidade nin os saldos migratorios —pregúntase— como variarían os totais de ocupados e dependentes. Non lle saen as contas se non hai relevo.

Outro dos participantes explicou que a demografía é un síntoma que pode matar ao enfermo, pero non é un problema. «O problema é que non medramos abondo para manter poboación. Temos un problema de crecemento e de activación de novos sectores e debemos aproveitar as dinámicas que se están producindo». Concordou en que baixou moito a poboación rural, que isto era e é un feito previsible, pero o problema da agricultura está na produtividade e que se deben considerar as posibilidades reais de sustentabilidade da agricultura produtiva e diversificada.

Relatou que no contexto da globalización apareceu a posibilidade de abrir mercados novos e que fomos un Sur agrícola e atrasado, pero coa desaparición da fronteira sur pasamos a ser un Norte, polo que subliña que Galicia vive un «efecto Norte». «Fomos un Sur agrícola e atrasado no Norte porque eramos un Norte sen Sur. A entrada na Unión Europea permitiulle a Galicia recuperar o Sur e agora o Norte da fachada atlántica non é Porto, é Galicia e iso opera no longo prazo».

Cando isto aconteceu, o primeiro que se fixo —subliñou— foi exportar a Portu-

gal e así se multiplicaron as exportacións galegas cara ao Sur, foi unha escola para exportar. Indicou que «é lusista porque é economista e non lingüista». Puxo sobre da mesa a necesidade de aproveitar os activos e ter un proxecto con visión propia e que se ten mal utilizado o territorio e mal empregada a cultura que nos dá acceso polo idioma a 250 millóns de habitantes. Velái a estratexia da que carecemos, pola que reclamou a necesidade de termos unha visión propia de nós mesmos.

Xaquín Fernández Leiceaga concordou co último retrucante no tocante ao idioma e ás súas posibilidades, indicando que substituiría dous cursos de galego por dous de portugués no bacharelato, xa que a capacitación en portugués de todos os alumnos de Galicia daríanos un enorme valor engadido en termos laborais. Subliñou ademais que necesitamos substituír mercados próximos: a vella Europa, España, por outros de maior crecemento potencial: Brasil, África. Considera que se debe pensar seriamente niso e involucrar no proxecto á Administración española e que esa porta debe ser aberta desde Galicia.

Canto ao noso mundo agrario subliñou que a clave é o pasado (1930-1950). Había máis activos agrarios en 1950 que en 1930, pero os re-agrarizadores xubiláronse entre 1975 e 1995. Indicou que a agricultura ten que ser un negocio con boas empresas agrarias xa que se sabe que, onde houbo oportunidade de negocio no mundo rural, as cousas foron ben.

Sinalou que temos terras sen aproveitar, pero entre o Deza e Santa Comba todo funciona bastante ben no tocante á produción de leite e carne, e polo tanto non hai terras abandonadas. A limitación fundamental é que a terra hoxe non vale, e se non vale non se ordena, e non se utiliza, pero non vale porque non sabemos o que facer con ela. E continuou indicando que non comparte o obxectivo do equilibrio territorial. Incidiu en que á xente que vive en zonas distantes do eixo atlántico hai que facilitarlle o acceso a uns servizos mínimos, pero non se pode pensar en re-equilibrios demográficos.

Con respecto ao apuntamento da sostibilidade do sistema no eido da demografía feito por un dos retruncantes, indicou que importa o número de ocupados e importa a creación de emprego e que, no peor dos casos, con demografía baixa teremos menos dependentes. «Eu sigo apostando polo crecemento económico, pola creación de emprego e que eses empregos estean ben pagados, porque iso vai contribuír a manter o sistema».

Sinalou que entre 1999 e 2009 os inmigrantes foron a onde había máis oportunidades de emprego e onde xa había algunha comunidade de inmigrantes. Pero os efectos son que, onde houbo máis inmigración, as rexións ou comunidades autónomas perderon peso na renda por habitante e creceron con empregos de baixo nivel de produtividade (turismo e construción).

Con relación á simulación do comportamento demográfico, salientou que os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) nos permiten considerar ata o ano 2051 con tres escenarios. Facendo as proxeccións cos tres escenarios, o máis favo-

nable para a sostibilidade do sistema é o escenario demográfico máis baixo. Porén, non cre que a súa sexa unha perspectiva neomalthusiana.

A continuación un participante insistiu na necesidade dunha economía con capacidade de crecemento e creación de emprego. Sinalou que cos datos de Leiceaga, entende que a economía galega non vai ter unha boa senda de crecemento no futuro. Houbo pouco investimento produtivo directo e moito investimento en capital social fixo (infraestruturas de todo tipo). Polo tanto moi pouca produtividade directa e altos custos de sostemento das infraestruturas. É dicir, foron investimentos orientados cara ao benestar e non cara ao crecemento e o emprego.

No relacionado co sector agrario advertiu de que non escoita falar de industria alimentaria e que non consegue ver o sector agrario primario sen industria para dotar de valor engadido ás producións. Considera preciso industrializar o sector agrario.

No que se refire ao crecemento, apuntou que este está agora focalizado nas cidades. O dinamismo está nas zonas urbanas, polo que entende que Galicia debería consolidar dúas áreas metropolitanas: Coruña e Vigo, xa que son as zonas dinámicas as que atraen xente.

Para rematar, salientou que é certo que a curto prazo a baixa demografía leva a un aumento da renda per cápita, pero o problema é que a longo prazo non ve claro o enfoque de Leiceaga, aínda que non ten unha posición persoal clara sobre o tema.

Outro dos participantes expresou as súas dúbidas sobre o impacto da caída demográfica e o avellentamento da poboación, un mal síntoma, que considera letal para o sostemento do estado de benestar. Falou tamén das equivocadas prioridades estratégicas no emprego dos Fondos Comunitarios, de investimentos mal feitos e alude ao AVE, ideado sen ter en conta o transporte de mercadorías.

Falouse a continuación de que hai máis dunha Cidade da Cultura: o porto exterior coruñés, o AVE Ourense-Santiago de Compostela... que son efectos políticos da catástrofe do *Prestige*. Unha resposta desmedida a unha protesta xusta pero sen tradución política.

Apuntouse novamente á necesidade de servizos altamente cualificados en Galicia e que deberíamos ser moito máis proactivos e atender o eixo urbano A Coruña-Vigo. Botouse en falta unha maior calidade das elites e sinalouse que se consume moita enerxía pensando o pasado e non o futuro. A axenda decídida as elites locais e preguntouse se necesitamos outras elites.

Noutra quenda, un retrucante, amosouse convencido de que Galicia ten que potenciar as cidades e concentrar os investimentos produtivos nas zonas de maior crecemento.

Deseguido outro participante constatou a realidade da formación de universitarios para os que non temos emprego, mentres se importan servizos altamente cualificados. Fixo referencia á grande importancia da política, do factor institucional e de que se debe pensar tamén no pasado para superalo. Sinalou que non é un problema o balei-

ramento poboacional do interior de Galicia e que se debe impedir a finalización do proxecto do AVE, un tren radial, que soamente moverá persoas e non mercadorías. Rematou indicando que está claro que debemos deseñar novas estratexias.

Outro dos participantes lembrou os traballos do economista Albino Prada denunciando o proxecto do AVE e de que ninguén lle fixo caso, nin políticos, nin empresarios...

Para rematar a quenda de debate, Xaquín Fernández Leiceaga aludiu á oportunidade das cidades. Indicou que o tamaño de Galicia reduciuse coa mellora das comunicacións, xa que soamente se precisan dúas horas para chegar de Ferrol a Tui. Aí temos, polo tanto, unha conurbación virtual e esa é a Galicia real. Esa ruta ás beiras da AP-9 ten millón e medio de habitantes. Esa é a Galicia que conta —subliñou—. Con respecto ás áreas metropolitanas, considerou que debe haber tres: Coruña, Vilagarcía de Arousa e Vigo.

No tocante á demografía, describiu como inevitable o que vai pasar, subliñando que perderemos unhas vinte mil persoas por ano nos próximos dez ou quince anos, pero isto non vai ser dramático. Insistiu na necesidade de concentrármonos na creación de emprego de calidade e iso supón equilibrar os investimentos e xestionalos eficientemente.

En relación aos aeroportos, apuntou que non debemos ampliar as infraestruturas aeroportuarias xa que «o aeroporto Sa Carneiro, en Porto, tamén é aeroporto de Galicia».

Por último, considerou necesario orientar cara ao investimento produtivo os Fondos Comunitarios dos que dispoñemos ata o ano 2022, a razón de catrocentos millóns de euros por ano. Sinalou que a demografía virá despois. En canto ao despoboamento do interior, considéranlo un feito e indicou que sobre o que hai que pensar é que facer coas terras que quedan abandonadas como consecuencia dese despoboamento, ou como se pode resolver o problema do déficit que padecemos en materia de servizos avanzados.



## Conclusións

**RAMÓN VILLARES**

Coordinador do Faladoiro



Como en calquera debate, as ideas máis fortes que foron xurdindo así como aquelas cuestións que se consideraban prioritarias nun inicio foron mutando cara a outros campos e outras preferencias. Houbo, en xeral, un pouso algo historicista na elucidación dos problemas e unha certa renuncia a fixar metas concretas e identificar fortalezas e debilidades, pero tamén fortes chamadas de atención sobre a necesidade de colocar en primeiro plano o protagonismo das empresas privadas —fronte ao papel do sector público—, a constatación da notable apertura ao exterior da economía galega e unha demanda para fixar con claridade os modelos da xestión do traballo, mediante pactos laborais de coexistión e non de «autoxestión» (sindical ou patronal), ao modo do capitalismo renano alemán. En consecuencia, poderíanse fixar como ideas conclusivas as seguintes:

As «ideas recibidas» podían ser de natureza moi diversa e mesmo susceptibles de análises psicolóxicas, dada a tendencia a explicar «o que nos pasa» mediante apelación a aldraxes, complexos, vitimismos e, mesmo, «queixas, laios, lérias e máis lérias», dito en recentes palabras dun investigador galego asentado en Texas. Non obstante, o debate orientouse polo campo da historia e do pensamento económico, para se concentrar no concepto de atraso económico (e no libro de igual título de X.M. Beiras), que foi examinado á luz de textos coetáneos de economía rexional e das mudanzas estruturais que estaban a acontecer nos anos sesenta e setenta (desagrarización, éxodo masivo, industrialización, devalo da ditadura franquista).

A conclusión xeral é que, na actualidade, este concepto carece da relevancia que chegou a acadar no seu día, pois foi obxecto de críticas e refutacións moi sólidas desde o propio momento no que foi cuñado. Fronte á idea de que o atraso económico sexa entendido como un «mito paralizante» na autopercepción dos galegos, varias intervencións insistiron na posición contraria: o concepto de atraso non é máis do que un metarelato de Galicia, por tanto unha interpretación idealista da realidade, e a súa influencia no pensamento económico da Galicia actual é irrelevante, salvo en certos núcleos políticos de orientación nacionalista. Neste sentido, a revisión da idea do atraso ten claras analogías coas que experimentou outra idea coetánea forte, como é a dependencia, que leva anos sendo posta en causa polo pensamento económico latinoamericano. No entanto, unha idea ficou clara, tanto por parte de académicos como de empresarios: o éxito dunha iniciativa (unha empresa, un país) depende en gran medida de intanxibles e da «épica do relato», porque o que se conta, acaba por motivar ou desanimar.

Se para o pensamento económico resulta máis fácil explicar a inadecuación da idea do atraso que a súa pertinaz permanencia no imaxinario popular da Galicia actual, desde o punto de vista literario e cultural esa revisión de tendencias moi arraigadas na cultura galega (peso da Terra, asunción dunha posición subalterna ou periférica...) parece unha tarefa máis viable. A consideración da «cultura e identidade galega na aldea global» adquiriu, nos textos expostos e nos debates subseguintes, uns trazos concordantes: debe apostarse por unha ollada atlántica (ou «oceánica»), por compensar o peso da Terra coa incorporación do Mar como referente literario e cultural e, sobre todo, considerar a dimensión global que achegou a Galicia o feito migratorio. Dalgún modo, este enfoque incorpora o problema central do Faladoiro que era a análise da periferia como valor definitorio da situación de Galicia no século XXI.

O concepto de periferia, aínda que se acostume asociar co de atraso, é moito máis cambiante e, desde logo, posúe un evidente valor relativo, sobre todo tendo en conta a capacidade que as TIC achegan para romper barreiras físicas e aparentes afastamentos xeográficos. Tendo en conta que o éxito económico das nacións, desde Max Weber aos máis recentes historiadores da economía (David Landes ou Dani Rodrik) dependen menos do lugar ou do territorio que das políticas públicas e da capacidade de iniciativa das empresas, a situación periférica de Galicia, sería unha vantaxe ou unha limitación? Desde o punto de vista dos economistas, hai algunhas fortalezas na estrutura produtiva galega que explican éxitos como o da industria do automóbil, o da moda ou o da agroindustria (por exemplo, os viños), que mesmo son capaces de innovar nos modelos de relacións laborais. Desde o punto de vista dos empresarios, os problemas están situados noutro ámbito, o da política, onde rexistran políticas desatinadas (subvencións a empresas pouco viables) ou ausencia de capacidade de liderado no marco político estatal ou europeo.

Con todo, a idea conclusiva máis forte neste punto é que a evolución de Galicia nos últimos trinta ou corenta anos é un exemplo de transformación do seu tecido

produtivo e de capacidade de superar as súas fronteiras: unha «historia de éxito» en canto a converxencia en «renda por habitante», pasando dun 70 % (1975) a un 90 % (2013), do PIB per cápita español. A situación á beira dunha autoestrada do mar, o emprego de novas tecnoloxías para a loxística de distribución de mercadorías (caso de Inditex) e a necesidade de procurar mercados exteriores perante a debilidade do mercado interno, son estímulo constantes para romper coas limitacións procedentes, máis que da periferia, da autopercepción dos galegos de vivir nun lugar periférico. A economía galega acadou unha notable especialización e unha alta taxa de internacionalización, ideas que refutan de plano os tópicos dominantes ata os anos setenta do século pasado de ser un país case que «precapitalista» e de agricultura «campesinista».

Agora ben, estas mudanzas cualitativamente tan importantes foron o resultado de impulsos e de oportunidades que non son constantes. A vantaxe de ser un *late corner* ten data de caducidade e o aproveitamento das oportunidades propias dun período de «vacas gordas» e de masivos investimentos en capital social fixo están a chegar ao seu final. Fica en pé un debate que non tivo consenso conclusivo. Trátase do avellentamento da poboación, que sitúa a Galicia no grupo das rexións europeas con menor taxa de crecemento vexetativo da súa demografía e sen perspectivas de ser compensada esta limitación por unha inmigración masiva, o que significa que, en palabras dun dos relatores, «podemos perder un millón de habitantes nos próximos corenta anos». Este é un desafío importante que haberá que afrontar, por solidariedade coas xeracións futuras e porque esa solidariedade afecta tanto ás persoas e ao seu benestar como ao propio territorio e medio ambiente, en suma, ao capital humano e ao capital social e ambiental.

Sen que o Faladoiro tivese en mente elaborar un relatorio final á moda Debilidades, Fortalezas, Ameazas, Oportunidades (DAFO), parece necesario concluír esta breve recapitulación con algúns apuntes sobre as vantaxes ou puntos fortes da sociedade galega e, naturalmente, coa mención dalgunhas debilidades ou fraquezas. Tanto unhas como outras foron evocadas ou mesmo mencionadas no curso das exposicións e discusións.

Entre os puntos fortes cómpre salientar os seguintes:

- A situación nunha eurorrexión atlántica, nun Fisterra europeo pero cunha oportunidade de servir de ponte entre Europa e América; ponte económica e comercial, ponte cultural e mesmo lingüística, dada a pertenza da lingua galega ao padrón lingüístico portugués. Se o centro de gravidade do planeta está a virar desde hai cen anos do Atlántico cara ao Pacífico, e se as mercadorías se transportan masivamente por mar, a condición de ser un país marítimo debe ser unha vantaxe.
- A formación do capital humano de Galicia, cunha alta capacidade «adaptativa» forxada na pluriactividade agraria e industrial, no coñecemento empírico

do mar, na experiencia das migracións a varios continentes, son unha vantaxe para incorporarse aos novos modos de organización do traballo e da mobilidade laboral que están a caracterizar os rumbos do capitalismo actual, pouco «fordista» e altamente individualista.

- A concentración da poboación na franxa atlántica, á beira da vella vía romana *per loca maritima* (hoxe, unha autoestrada), nunha proporción que supón o 60 % do total da poboación galega o que resulta, na práctica, nunha alargada «conurbación virtual atlántica», que se prolonga cara ao sur na costa atlántica de Portugal, un país ao que tamén nos achega un idioma de orixe común.
- O moderado etnocentrismo da sociedade galega e unha tradición de heterodoxia cultural e mesmo relixiosa e de costumes podería facilitar a inmigración que a demografía galega precisa para o seu equilibrio estrutural. A capacidade para integrar ao recién chegado é un dos padróns de comportamento máis sólidos da sociedade tradicional galega.

Entre os puntos máis débiles cumpriría salientar os seguintes:

- A invertebración das elites galegas, nomeadamente as políticas e culturais, que conducen a dificultar, cando non a inviabilizar, «proxectos de país», isto é, iniciativas inclusivas e non depredadoras dos recursos colectivos.
- A dispersión sobre o territorio, nomeadamente na metade de Galicia situada ao leste da Dorsal Central, pode ser orixe de fortes desequilibrios territoriais, que só políticas públicas máis ambientalistas e menos produtivistas poderán facer viables.
- Unha tradición cultural de carácter comunal (ou «parroquial»), de raíz campesiña e eclesial, que debilita a construción dunha sociedade civilista, por máis que sexa fisicamente urbana.





## Relatores e faladores



Xunto coas reflexións dos catro relatores (Antón Costas, Lourenzo Fernández Prieto, Kirsty Hooper —substituída *in extremis* pola profesora titular da USC, Dolores Vilavedra— e Xoaquín Fernández Leiceaga), o faladoiro contou coas achegas de:

- Ramón Villares, catedrático da USC e coordinador.
- Roberto Tojeiro, empresario (GADIS).
- José Barreiro, armador-agricultor do mar.
- José Carballo (FINSA).
- Xusto Beramendi, catedrático da USC e director da «Cátedra Juana de Vega»,
- Antón Baamonde, filósofo.
- Antonio Viñals, avogado.
- Uxío Labarta, biólogo, investigador en ciencias do mar. CSIC.
- Xan López Facal, economista.
- Javier Rodríguez Losada (Tesouros de Galicia).
- Xosé Carlos Arias, profesor da Universidade de Vigo.
- Enrique Sáez, empresario, economista e presidente da Fundación Juana de Vega.
- Xosé Ramón Veiga, profesor de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e secretario da «Cátedra Juana de Vega».
- José Manuel Andrade, director da Fundación Juana de Vega.
- Xosé María García Palmeiro, licenciado en Historia e xornalista.







